



ANUARIO

PSICOLOXÍA CLÍNICA E POSTMODERNIDADE

Psicología na encrucillada posmoderna:
Novos debates, novas ideas, novas prácticas
desde unha perspectiva construcionista
Lupicinio Iñiguez-Rueda

O grao co- da psicoterapia: Unha aproximación
crítica e algunhas obxeccións
Santiago Lamas Crego

Algunhas consideracións ao traballo anterior
J. Javier González Hermida

Trastornos de posmodernidade
Luis Ferrer i Balsebre

Sobre sentimentos e ritos e o seu decaemento
neste mundo posmoderno. Un comentario a
El enterrador de Thomas Lynch
Gonzalo Martínez Sande

Entidades e identidades débiles
Gabinete de Psicología Karma. Vigo

PSICOLOGÍA CLÍNICA
ANUARIO

Consello Editorial

Mercedes Castro Bal, *Presidenta*
M^a del Pilar Millán Cerqueiro, *Vicepresidenta*
Javier Sardiña Agra, *Secretario*.
José Manuel Modesto Vázquez Pereira, *Tesoureiro*
Manuel Castro Bouzas, *Vocal*
Delia Guitián Rodríguez, *Vocal*
Dolores González Cabaleiro, *Vocal*
Irene Esperón Rodríguez, *Vocal*
Begoña Llamas Méndez, *Vocal*

Consello de Redacción

Hipólito Merino Madrid, *Director*
Rosa María Rey Pousada
Eduardo Varela Puga
Carlos Álvarez García
Delia Guitián Rodríguez

EDITA:

Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia
Rúa da Espiñeira, 10 - baixo
Tel: 981 53 40 49 | Fax: 981 53 49 83
C. electrónico: copgalicia@correo.cop.es
www.cop.es/copgalicia

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA:

Leandro García Bugarín e Manoli Pena Santiago

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN:

Eduardo Limés Castro, Teresa Santamónica Fernández,
Raquel Martínez Mosquera

DESEÑO GRÁFICO: uqui IIIII cebra

IMPRIME: Litoror


Depósito legal: C-2.634-2005

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións vertidas nos artigos publicados. As opinións expresadas no Editorial son responsabilidade do Consello Editorial.

*¿Para qué escribir si no se da a esta operación,
demasiado fácil, de empujar una pluma sobre un
papel cierto riesgo tauromáquico y no nos acercamos
a asuntos peligrosos, ágiles, bicornes?*

Ortega y Gasset

PSICOLOGÍA **CLÍNICA**




ANUARIO

PSICOLOGÍA CLÍNICA E
PSYCHOSOCIAL

PSICOLOXÍA CLÍNICA E POSMODERNIDADE

Presentación	7
Psicloxía na encrucillada posmoderna: Novos debates, novas ideas, novas prácticas desde unha perspectiva construcionista Lupicinio Iñiguez-Rueda	11
O grao co- da psicoterapia: Unha aproximación crítica Santiago Lamas Crego Algunhas obxeccións J. Javier González Hermida	23
Trastornos de posmodernidade Luis Ferrer i Balsebre	53
Sobre sentimentos e ritos e o seu decaemento neste mundo posmoderno. Un comentario a «El enterrador» de Thomas Lynch Gonzalo Martínez Sande	67
Entidades e identidades débiles Gabinete de Psicología Karma. Vigo	73
Versión castelán	89



Presentación

Co fin do milenio e o comezo do novo século toca facer balance do realizado ata agora nas ciencias, nas artes, a cultura en xeneral. Tocounos vivir a época do posmodernismo, sen que moitos de nos teñamos claro a que exactamente nos estamos referendo. Para empezar, poderemos estar de acordo en que si existe un despois debeu existir un antes. O modernismo implicou unha concepción nova do mundo e comezou cara o principio do século XV consolidándose coa Ilustración nunha nova ciencia, arte, cultura, normas e valores. Foi época de empirismo, positivismo, realismo e democracia, o que, sen dúbida, contaminou en maior ou menor grao a todo o devir da Humanidade.

A finais do século XIX apareceron as primeiras formas de psicoterapia que baseadas neste novo clima tecnolóxico aparcaron antigas formas de enfrontarse á enfermidade mental. Era tempo de ciencia, non de maxia, superstición ou exorcismos. Se descubren e desenvolven igualmente os primeiros psicofármacos e o cerebro comeza a primar sobre da mente.

O posmodernismo supón, ben unha rachadura, ben un paso adiante sobre destas concepcións. E un concepto vago pero que parece facer referencia ás ca-

racterísticas dunha sociedade sen valores seguros nin referencias firmes. Cuestionase o establecido, criticase a autoridade, réstaselle valor á experiencia e negase o dogma. Quizais por elo o novo Papa Benedicto XVI denuncia «o relativismo» dunha sociedade que parece ter perdido o rumbo... aínda que é posible que so se trate de un máis dos avances en espiral que toda sociedade confronta, co seu bambeo pendular asociado.

Este novo número do Anuario de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia trata de abordar as consecuencias que o posmodernismo tivo na teoría e praxes da psicoloxía e a psicoterapia.

Para empezar, Lupicinio Iñiguez-Rueda nos formula este tema desde a perspectiva Construcionista, facendo un extenso repaso de autores e obras claves no desenrolo desta escola. Como era esperable, conceptos tales coma antiesencialismo, relativismo e antirealismo, cuestionamento das verdades xeneralmente aceptadas, linguaxe e construción social dan forma a este artigo que sen dúbida servirá para centrar a cuestión.

Continúa Santiago Lamas, habitual colaborador do noso Anuario. Coa agudeza que lle caracteriza, nunca exenta do humor que espida o artificial (excelente a súa anécdota sobre a de-construción do oso polar enfurecido) fai un repaso sobre os puntos máis obxectables do Construcionismo centrándose no uso da linguaxe, como eixo central da psicoterapia posmoderna. Non ten reparo en confesarse, xunto con outros autores, irritado, perplexo e desorientado por esta concepción da realidade que nos propón un subxectivismo radical.

Luís Ferrer i Balsebre nos propón, tras un repaso histórico do concepto posmodernidade e os seus antecedentes máis próximos, un tema de especial relevancia para a nosa práctica clínica, Trastornos da Posmodernidade, centrándose nesta alteración cada vez máis frecuentemente diagnosticada. A súa tese, avalada por unha realidade que pais e profesores denuncian a diario, parte dunha crianza infantil que pasou do autoritarismo ó «laissez faire»... esquecéndose da autoridade, lexítima e necesaria, polo camiño. O neno é desexo, urxente e inmediato. As normas de socialización, a frustración, a demora do desexado, debían servir para conter e reorientar este impulso. A falta de autoridade converte ós mozos en suxeitos de todos os dereitos e ningunha das obrigacións... e quizais estamos mirando o lado equivocado pois «canto máis se intenta saber o que é un neno, menos se sabe o que é un pai».

Gonzalo Martínez Sande efectúa un interesante comentario sobre un non menos interesante libro: «El Enterrador» de Thomas Lynch. Son doce ensaios que nos mostran como este autor reflexiona sobre o amor, a dor, o do, o sexo, as separacións... A pertinente presenza deste libro no Anuario pode xustificarse polo cambio sufrido pola sociedade nos ritos de paso (do, matrimonio...)


e que sen dúbida configuran un aspecto diso que nos dou por chamar posmodernidade.

Por último, un caso clínico. O mellor aínda, unha reflexión sobre un caso a cargo dos nosos colegas do Gabinete de Psicoloxía Karma de Vigo, sen dúbida algunha «entidades posmodernas». Tras un comezo onde establecen os supostos desde os que exercen a súa labor terapéutica, dan paso á descrición da relación que un dos autores establece con un paciente, afecto dunha enfermidade terminal, e onde o nivel de diálogo acadado con el remata sendo enriquecedor para ambos.

Así pois, gocen da lectura destes traballos e que a posible irritación e desconcerto que lles cause se torne nunha experiencia igualmente proveitosa.

Psicología na encrucillada posmoderna:

**Novos debates, novas ideas,
novas prácticas desde unha
perspectiva construcionista**



Lupicinio Iñiguez-Rueda

*Doutor en Psicología pola UAB (1986).
Catedrático de Psicología Social no
Departament de Psicologia social de la UAB.
Coordinador do Programa de Doctorat en
Psicologia Social (UAB). Ten publicado
«Critical Social Psychology» (con Tomás Ibáñez,
London:SAGE, 1997) e «Análisis del Discurso»
(Barcelona: EDIUOC, 2003).*

«O construcionismo dissolve a dicotomía suxeito-obxecto afirmando que ningunha destas dúas entidades existe propiamente con independencia da outra, e que non da lugar a pensalas como entidades separadas, cuestionando así o propio concepto de obxectividade. De feito, o construcionismo preséntase como unha postura fortemente des-reificante, des-naturalizante, e des-esencializante, que radicaliza ao máximo tanto a natureza social do noso mundo, como a historicidade das nosas prácticas e da nosa existencia. Desde esta perspectiva, o suxeito, o obxecto e o coñecemento, esgótanse plenamente na súa existencia sen remitir a ningunha esencia da que dita existencia constituiría unha manifestación particular, como tampouco remiten a ningunha estabilidade subxacente da que constituirían unha simple expresión particular. En definitiva, o carácter literalmente construído do suxeito, do obxecto e do coñecemento arranca estas entidades fóra d un suposto mundo de obxectos naturais que virían dados dunha vez por todas».

(Ibáñez, 1994: 250).

Moitas cousas cambiaron no mundo nas últimas tres décadas. Por moito que pareza que na Psicoloxía, e na práctica psicolóxica, isto non sucedeu, a realidade é que si. Nos anos oitenta do século pasado, algunhas correntes, como o Construccionismo, penetraron no conxunto das Ciencias humanas e sociais e, especificamente, na Psicoloxía.

O Construccionismo converteuse pronto en revulsivo nun contexto disciplinar marcado por unha ortodoxia *berdeira* aínda de vellos cánones como os do positivismo. Obviamente, atopa unha forte oposición e as voces en contra érguense potentes e descalificadoras, chegando á ameaza da exclusión, cando non á exclusión mesma, de todas aquelas persoas que se sentían atraídas por este programa.

A cuestión agora é, despois de máis de trinta anos, cales son os parámetros básicos que articulan esta perspectiva? Aínda mantén o Constructivismo a mesma carga de rebeldía? Que impacto ten, ou podería ter, na práctica psicolóxica e no exercicio profesional?

Vou repasar, daquela, a perspectiva construcccionista, como representante da influencia posmoderna en Psicoloxía, para aventurar algunhas das claves que, ao meu xuízo, se atopan na paisaxe actual desta área profesional.

Se algunha cousa está clara é que o Construccionismo ten a vontade de manter unha perspectiva crítica en Psicoloxía. Perspectiva crítica no teórico, pero tamén no estudio específico de procesos psicolóxicos e sociais e, por que non tamén, na intervención. O que me gustaría é poder perfilar un panorama de aportacións, pero non para seren asumidas, senón simplemente para poder seren consideradas nun hipotético debate sobre a psicoloxía actual.

O punto de vista construcccionista

Creo honestamente que nunca estivo demasiado claro, sobre todo entre os seus críticos, que é ou en que consiste iso que se chama «construcccionismo». A crítica fácil, que dominou desde o inicio, ridiculízao desde a estrambótica idea de que a súa esencia mesma non é só que afirme que todo é unha construción social, senón, sobre todo, que é unha construción lingüística. Tal ridiculización utiliza como tropo retórico a celebrada idea de que os/as construcccionistas desatenden as limitacións e constriccións que impón a realidade material. Un mal que se atribúe, por certo, ao total do que se denomina «post-modernismo».

Pero o construcccionismo, ou mellor –para non reificar– a perspectiva construcccionista, non é exactamente iso. O que quero dicir é que ao dicir isto, o sufixo «-ismo» ten o efecto discursivo de reificar un proceso, facendo aparecer

algo como unha «escola» de pensamento, ou unha «nova teoría». Esta perspectiva é algo máis complexo, con bastantes máis matices que conviría sinalar e ter en conta. A pesar diso, é ben certo que non se pode ofrecer unha definición única de Construcionismo. Mías ben, pódense detallar certos elementos e supostos que, vistos en conxunto, poderían representar esa «perspectiva», ou como dixo Tomás Ibáñez (1994) ese «movemento».

Os elementos e supostos desta «perspectiva» ou «movemento» constitúen unha ampla e aberta lista. E, ademais, contra o que se pode supoñer a partir das críticas «desde fóra», nada homexénea, pois como di Vivian Burr (1997), non se pode afirmar que haxa ninguén elemento *sine que non* que determine a adscripción dun autor ou autora ao Construcionismo.

No entanto, están bastante claros os antecedentes onde enraizar esta perspectiva. Por parte da Socioloxía, as influencias máis notables foron o Interaccionismo Simbólico (Meadl, 1934), a Etnometodoloxía (Garfinkel, 1967; Heritage, 1984) e, sen dúbida, o impactante traballo de Peter Berger e Thomas Luckmann (1967) «*La construcción social de la realidad*». Por parte da Psicoloxía, o traballo orixinario principal foi sen dúbida o de Kenneth Gergen (1973) «*La Psicología Social como Historia*» ao que se suman outras obras producidas no contexto da «crise da psicoloxía social» como a de Nigel Armistead (1974), e algunhas posteriores como a de Jerome Bruner (1990), entre outras.

O conxunto de obras e autores/as é, ao día de hoxe, amplísima. Só por citar algunhas obras máis significativas, habería que aludir a: Kenneth Gergen (1991, 1994), Rom Harré (1986), Julian Henriques, Wendy Holway, Cathy Urwine, Couze Venn e Valerie Walkerdine (1984), Celia Kitzinger (1987), Tomás Ibáñez (1989, 1990, 1994, 1996), Ian Parker (1998), Ian Parker e John Shotter (1990), Nikolas Rose (1989, 1996), John Shotter (1993). No caso de desenvolvementos específicos non se poden olvidar as obras producidas no marco dos estudos sociais da ciencia: Bruno Latour e Steve Woolgar (1986), Karen Knorr-Cetina (1996). Nin o que podemos chamar o «construcionismo práctico» e o seu posterior desenvolvemento coñecido como «psicología discursiva»: Michael Billig (1987), Derek Edwards (1997), Derek Edwards e Jonathan Potter (1992), Jonathan Potter (1996), Jonathan Potter e Margaret Wetherell (1987).

Se hai algo que se poida identificar como característica principal, esta sen dúbida é a súa posición crítica, a súa posición de continuo cuestionamento daquilo que vimos considerando como obvio, correcto, natural ou evidente. En palabras de Edward E. Sampson (1986:37), «*todo é sospeitoso mentres non haxa máis información*». O que, como di Tomás Ibáñez (1994:276), «...*obriga a vivir perigosamente, baixo a constante tensión de ter que revisar sen tregua as seguridades que se acadan*».

Elementos para unha posición construcionista

É xa un lugar común dicir que o mundo é unha «construcción social», ou que as persoas son «construccións sociais». En definitiva, que todo é unha «construcción social». Para non caer nesta simplificación na que comfortablemente concluíron moitas lecturas do Construcionismo, vexamos algúns elementos que marcan e definen un talante construcionista.

a) *Antiesencialismo*

As persoas e o mundo social somos o resultado, o produto, de procesos sociais específicos. Isto implica que nin as persoas nin o mundo «teñen» unha natureza determinada. A consecuencia disto é, polo tanto, a de manter un marcado antiesencialismo. Non existen obxectos naturais, os obxectos son o que son porque os facemos, e nós somos tan dependentes deles, como eles de nós. A noción de obxecto é unha convención social e por conseguinte, dependente da definición que facemos del. Non hai, pois, obxectos «naturais» que existan 'na realidade' de forma independente, máis ben son obxectivacións resultantes de prácticas sociais que os constituíron como tales (Ibáñez, 1994).

b) *A actividade mental*

A mesma idea aplícase aos obxectos psicolóxicos no sentido de que non proveñen dunha suposta «natureza humana», senón que son tamén resultado de prácticas de obxectivación. Os procesos mentais resultan da actividade conxunta e dos procesos de interacción entre as persoas. Pensamento, memoria, etc. non son procesos endóxenos que as persoas manifestamos e comunicamos cando falamos, senón pola contra, consecuencias da comunicación que establecemos cos nosos conxéneres. A linguaxe non refire ditos procesos, senón que, literalmente, os constrúe na fala dos contextos de interacción.

A perspectiva construcionista «extrae» a actividade mental da mente mesma e «colócaa» no espazo interpersoal.

c) *Relativismo/Antirrealismo*

Un punto de vista construcionista implica a negación da relación entre o coñecemento e a percepción directa da realidade, no sentido de que a «Realidade» é só un conxunto de versións construídas colectivamente no seo das distintas sociedades e culturas ao longo da historia como comunidade. A «Realidade» non existe con independencia do coñecemento que producimos sobre ela ou con independencia de calquera descrición que fagamos dela (Rorty, 1979). En consecuencia, é nese sentido no que dicimos que construímos a realidade e que o que dicimos sobre ela é unha cuestión de convencións. Non

hai, daquela, separación entre a realidade e o coñecemento producido sobre ela. O obxecto non xera a súa representación, senón que resulta construído polas nosas prácticas (Ibáñez, 1994).

Esta perspectiva é, polo tanto, relativista, aínda que ao dicir isto se estimule a maior das desconfianzas e os receos. Pero o relativismo tamén sufriu unha potente estereotipación e desvirtualización, polo que se debe afirmar que adoptar unha postura relativista non supón ubicarse do lado da indiferencia cara aos outros ou do idealismo máis simple (Ibáñez, 2001). Como di Tomás Ibáñez: «o relativista non adoita ter problemas na súa vida cotiá coa realidade, non lle molesta considerar que hai cousas que son reais, tampouco adoita ter problemas coa verdade, non dubida en afirmar qué é verdade, e que se atravesara a rúa xusto cando pasa un coche pode ocorrerlle algo. O relativista non ten problemas coas conceptualizacións pragmáticas da realidade e da verdade. A realidade e a verdade son crenzas indispensables para a vida cotiá, pero non queren un estatus trascendente, obxectivo e absoluto, abóndalles un estatus de “andar pola casa”, é dicir, simplemente humano». (Ibáñez, 1996:87).

d) *Cuestionamiento das verdades xeralmente aceptadas*

A perspectiva construcionista caracterízase tamén polo continuo cuestionamento da «verdade», poñendo en dúbida sistematicamente o modo no que aprendemos a mirar o mundo e a mirarnos a nós mesmos. Esta perspectiva cuestiona a idea de que o coñecemento se basee na observación obxectiva e imparcial da realidade. Como sostén Kenneth Gergen (1999), o construcionismo deposita nas relacións conxuntas o sentido que os seres humanos damos á verdade, ao que está ben ou mal, ao que é bo ou malo, polo que se pode afirmar que «o que é “obviamente verdade e bo” para unha comunidade é, frecuentemente, fraudulento ou moralmente repugnante para outra. Neste sentido o construcionismo invita a unha continua postura de autorreflexión –incluso de mirar cara a un mesmo–. Cada palabra, proposición ou proposta debe ser provisional, aberta á deconstrución e á avaliación político-moral». Gergen, 1999:221).

e) *Determinación cultural e historicidade do coñecemento*

Toda concepción do mundo ou do social, é social e culturalmente dependente. As formas de categorización e conceptualización son específicas de cada cultura e cada momento histórico concreto. E esta é unha afirmación que se aplica non só ao coñecemento «común», senón tamén ao «coñecemento científico».

Afirmar que «o social» é histórico significa que as prácticas sociais producen coñecemento e construa a realidade social. Ao tempo, ver a produción de

coñecemento como práctica social implica que o coñecemento científico posúe un carácter histórico, isto é, que se constitúe mediante prácticas sociais como calquera outra forma de saber. De isto pódese extraer a consecuencia de que os fenómenos sociais posúen un carácter procesual, o que deixa fóra a dicotomía «produto»—o fenómeno considerado como produto no momento de analízalo— «proceso» —que sustentaría o produto—. «*A prruptura que dá no tempo permite tratar un fenómeno social como se fose un “obxecto” «estable, un “produto” ou unha “cousa” co cal se satisfan obviamente as esixencias do ideal e intelixibilidade positivista, pero ao mesmo tempo cámbiase irremediabilmente a natureza ou a identidade do fenómeno investigado*». (Ibáñez, 1994:230).

Así pois, desde un punto de vista histórico e cultural, non hai nada absoluto, ningún saber é verdadeiro nin definitivo. As distintas concepcións do mundo son dependentes do seu contexto cultural e histórico, é dicir, que toda forma de coñecemento nunha cultura concreta e nunha época histórica dada, é peculiar e particular.

f) *A linguaxe, condición de posibilidade*

A realidade constrúese socialmente e os instrumentos cos que se constrúe son discursivos. Isto pódese afirmar porque a linguaxe non só é referencial, senón que é, fundamentalmente, de natureza formativa (Shotter, 1987, 1993 a e b). A linguaxe non é unicamente expresiva ou referencial, senón unha forma de acción mediante a cal construímos o mundo.

A capacidade preformativa da linguaxe implica, entre outras cousas, que as nosas concepcións do mundo non teñen a súa orixe na «realidade obxectiva», senón nas variadas interaccións que as persoas realizamos cada día, así como nas que mantiveron os que nos antecederon no tempo. Cando «chegamos ao mundo», o urdido, as estruturas e as categorías sociais propias da nosa cultura xa existen, e é precisamente durante o desenvolvemento da nosa capacidade lingüística, e por medio dela, cando adquirimos estes conceptos socialmente elaborados.

De xeito gráfico, todas as persoas que forman parte dunha comunidade lingüística, ou que formaron parte dela, contribúen con cada acción e interacción despregada na súa vida cotiá a elaborar e reproducir a estrutura conceptual e os significados das súas concepcións sobre o mundo. A linguaxe é unha condición previa do que chamamos pensamento, xa sexa individual ou social (Gergen, 1994, 1999; Edwards e Potter, 1992).

g) O coñecemento é unha produción social

O coñecemento, incluído o coñecemento científico, é o resultado dunha construción colectiva. As prácticas cotiás fabrican o noso saber e a nosa concepción do mundo e de nós mesmas/os. De entre as prácticas sociais, as máis importantes son as discursivas. *«En definitiva, o coñecemento científico ten en común co coñecemento sen outras adxectivacións o feito de nacer no seo da interacción social e de constituírse no espazo da intersubxectividade con base nas convencións lingüísticas, aos presupostos compartidos e aos diversos procedementos para establecer un consenso que só é posible grazas á existencia dun mundo de significados comúns. En consoancia coas aportacións da teoría crítica, o construcionismo destaca os diferentes intereses que guían as diversas racionalidades científicas e conclúe a inevitabilidade de que os coñecementos conleven operacións normativas e repercutan sobre a propia realidade social».* (Ibáñez, 1994:107).

A relación entre coñecemento e práctica social é unha relación de influencia recíproca. Efectivamente, os saberes e o coñecemento sobre o mundo son resultado da acción conxunta (Shotter, 1993 a e b) e dan lugar a formas diferentes histórica e culturalmente. Ao mesmo tempo, cada coñecemento construído conxuntamente abre o campo de novas e diferentes formas de acción social. Cada saber, cada coñecemento social posibilita certos modos de acción social ao tempo que exclúe outros.

h) «construcción social»

Todo o anterior delimita o campo da «construcción social», non é pois unha mera afirmación trivial ou sen sentido.

Un dos perigos da perspectiva construcionista é converter a noción de «construcción social» en algo de carácter estático e reificante, é dicir, algo permanente e producindo o mesmo tipo de efecto que producen as cousas. Esta é unha concepción estreita e limitante de construción social. Creo que aquí vén a contundente afirmación de Tomás Ibáñez: *«...unha construción social non participa da metáfora arquitectónica dun edificio que unha vez construído se mantén por si só. O socialmente construído non só foi construído por determinadas prácticas sociais, senón que esas prácticas mantéñeno de forma dinámica, incesantemente. Se cesan as prácticas, a construción esfúmase».* (Ibáñez, 1996:67).

As prácticas sociais crean estruturas, incluso institucións, sociais pero igualmente as estruturas sociais inciden e exercen unha forte influencia sobre as prácticas. Toda práctica social, daquela, aínda que pequena ou insignificante, trivial ou cotiá, contribúe de maneira directa á construción do social. As estruturas e institucións sociais constituídas constriñen, condicionan e enmarcan tamén ditas accións e interaccións. Se non fose así, abonda pensar só un

momento que pasaría co noso mundo e a nosa vida se, por un intre, se paralizaran todas as accións sociais, completamente. Non hai, pois, mundo nin vida social sen a existencia das prácticas que os constitúen de onde se desprende o enorme valor da súa capacidade constitutiva.

Sobre algúns impactos na práctica psicoterapéutica

A consideración, e aínda máis a asunción, da lista de principios anteriormente expostas, influíron e están influíndo na práctica psicolóxica e, especificamente, na terapéutica. A súa mera entrada no debate produciu xa, de calquera maneira, un certo cambio ou movemento. En todo caso, non se trata tanto dun cambio ou da creación dun novo canon, como dun cambio de sensibilidade (McName e Gergen, 1996).

A principal influencia materialízase na consideración da terapia como un proceso relacional onde os termos clásicos paciente/terapeuta non están en condición de disimetría, senón implicados nun traballo conxunto de construción do contexto de interpretación. Neste contexto interpretativo son tan importantes as teorías psicolóxicas disponibles como os elementos culturais que permiten dar conta dos procesos psicolóxicos, dunha definición do que é «o benestar» ou do que é bo ou malo. Estamos, pois, ante unha defensa da simetría dos/as axentes concernidos nun proceso terapéutico e dos saberes comúns, populares e/ou científicos. Unha problematización do papel do profesional (terapeuta) e un continuo traballo para diluír a disimetría e a diferenza de estatus entre o profesional e o paciente permite caracterizar definitivamente unha perspectiva construcionista na psicoterapia (Anderson, 1997; Hoffman, 1993; Ussher, 1991).

Ao mesmo tempo, a perspectiva construcionista contribuíu á incorporación de novas prácticas e estilos terapéuticos. Principalmente estas novidades teñen que ver coa maneira en que o construcionismo ve «o mental». En efecto, se a actividade mental non é unha actividade privada e endóxena das persoas, senón algo construído significativamente nos procesos interaccionais, a terapia entón é no fundamental un proceso de cambio lingüístico ou discursivo producido no contexto relacional. A materialización deste cambio atopámola sobre todo no interese pola narrativa (McLeod, 1997; Neimeyer e Mahoney, 1995). O enfoque narrativo ve a persoa, a súa identidade, e o mundo mesmo como construídos por historias (Bruner, 1986) polo que as convencións lingüísticas, as narracións e as accións comunicativas en xeral han de ser consideradas como os elementos clave na relación terapéutica.

Paralelamente, outros cambios que se poden percibir, relaciónanse coa concepción e o papel da linguaxe. Efectivamente, a linguaxe é basicamente un fenómeno relacional, unha acción conxunta, non unha manifestación da actividade mental da persoa (Gergen, 1994; Shotter, 1984). Diso despréndense algunhas consecuencias para a práctica terapéutica, especificamente a énfase na relación terapéutica mesma que é o contexto onde teñen de producirse os significados. Isto implica tomar a dialoxicidade como a característica principal da relación terapéutica. Dita relación non ten que ser unidireccional nin debe estar marcada pola disimetría de estatus a favor do/a terapeuta, senón conversacional, dialóxica, coas características propias do intercambio conversacional común. Paralelamente, a perspectiva construcionista asume que varias construcións sobre a realidade son posibles, que non hai unha única e definitiva realidade. De aí despréndese que un obxectivo terapéutico sexa facer entrar na relación distintas versións para posibilitar interpretacións diversas e para abrir procesos e liñas de cambio diferentes (Riikonen y Smith, 1997).

Con todo, o cambio máis importante inducido pola perspectiva construcionista é probablemente o seu posicionamiento fronte ao 'modelo médico'. En efecto, desde un punto de vista convencional os problemas psicolóxicos son vistos como dificultades de adaptación e como patoloxías que o/a terapeuta debe curar. Isto confiere ao diagnóstico un papel esencial na relación terapéutica e ao terapeuta un poder fantástico. A perspectiva construcionista non pode ver patoloxías ou problemas fóra da interpretación que podemos facer de iso, é dicir, que a definición do problema é tan só unha das posibles formas de describir e dar sentido á situación. O que buscou a perspectiva construcionista entón é fuxir de calquera tentación de reificar os problemas psicolóxicos para buscar estratexias, recursos e orientacións capaces de abrir espazos (Friedman, 1993; de Shazer, 1994). No mesmo sentido, os cambios que se producen no proceso terapéutico non se dan no interior ou na mente do individuo e quedan alí afianzados para sempre. Máis ben, as modificacións e os cambios resultan do proceso dialóxico que debe caracterizar a relación terapéutica e a súa eficacia, así como o seu mantemento, requiren da acción conxunta, a actual e a que en cada contexto social se poida xerar no futuro.

Final

Nos párrafos anteriores describín algúns elementos característicos do construccionismo. A consecuencia principal de todo isto podería ser a apertura dun campo para unha «refundación» dunha perspectiva crítica en psicoloxía, incluída a práctica profesional.

Unha perspectiva crítica que ten un argumento básico e central: unha comprometida práctica de problematización. Efectivamente, trátase de manter un continuo cuestionamento e problematización das prácticas tanto de produción de coñecemento como de exercicio profesional. Este cuestionamento debe considerar a historicidade do coñecemento, o carácter interpretativo do ser humano, así como do resto de propiedades caracterizadas polo que chamamos o «talante construcccionista», a reflexividade do coñecemento e as implicacións sociais, éticas, políticas e ideolóxicas da nosa acción.

As perspectivas postmodernas e o construccionismo en particular, foron acusadas con frecuencia de trivialidade e de falta de responsabilidade. Pois ben, espero ter mostrado polo menos que o que trataron no fondo é máis ben de introducir unha axenda máis política que científica e, entón, asumir con elas que o problema que temos diante é, sobre todo, o problema da responsabilidade social... E que iso debe ter algunha repercusión na nosa acción.


Referencias

- ANDERSON, H. (1997) *Conversation, language and possibilities: a postmodern approach to therapy*. New York: Basic Books.
- ARMISTEAD, N. (1974) (Ed.) *La reconstrucción de la psicología social*. Barcelona: Hora, 1983.
- BERGER, P. y LUCKMANN, T. (1967) *La construcción social de la realidad*. Madrid: Amorrortu_Murguía, 1986.
- BILLIG, M. (1987) *Arguing and thinking*. Cambridge: Cambridge University Press.
- BRUNER, J. (1986) *Actual minds, possible words*. Cambridge: Harvard University Press.
- BRUNER, J. (1990), *Actos de significado. Más allá de la revolución cognitiva*. Madrid: Alianza Editorial, 1991.
- BURR, V. (1997) *Una introducción al construccionismo social*. Barcelona: EDIUOC.
- DE SHAZER, S. (1994) *Words were originally magic*. New York: W.W. Norton.
- EDWARDS, D. (1997) *Discourse and cognition*. London: Sage
- EDWARDS, D. Y POTTER, J. (1992) *Discursive psychology*. London: Sage.
- FRIEDMAN, S. (Ed.) *The new language of change: constructive collaboration in psychotherapy*. New York: Guilford Press.
- GARFINKEL, H. (1967) *Studies in Ethnomethodology*. Englewood Cliffs, NJ: Prentice Hall.
- GERGEN, K. (1973), La Psicología Social como historia. *Anthropos*, 177, 39-48.
- GERGEN, K. (1982), *Toward Transformation in Social Knowledge*. London: Sage, 1994.
- GERGEN, K. (1991), *El yo saturado. Dilemas de identidad en el mundo contemporáneo*. Barcelona: Paidós, 1992.
- GERGEN, K. (1994) *Realidades y Relaciones. Aproximaciones a la construcción social*. Barcelona: Paidós, 1995.
- GERGEN, K. (1999) *An invitation to social construction*. London: Sage.
- HARRÉ, R. (Ed.) (1986) *The social constructions of emotion*. Oxford: Basil Blackwell.
- HENRIQUES, J. Et al. (1984) *Changing the subject. Psychology, social regulation and subjectivity*. London: Methuen [Reissued 1998, London: Routledge].
- HERITAGE, J. (1984) *Garfinkel and ethnomethodology*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HOFFMAN, L. (1993) *Exchanging voices: a collaborative approach to family therapy*. London: Karnac Books.
- IBÁÑEZ, T. (Comp.) (1989) *El conocimiento de la realidad social*. Barcelona: Sendai.
- IBÁÑEZ, T. (1990) *Aproximaciones a la psicología social*. Barcelona: Sendai.
- IBÁÑEZ, T. (1994) *Psicología social construccionista*. Guadalajara (México): Universidad de Guadalajara.
- IBÁÑEZ, T. (1996), *Fluctuaciones conceptuales en torno a la postmodernidad y la psicología*. Caracas: Universidad Central de Venezuela.

- IBÁÑEZ, T. (2001) *Municiones para disidentes. Realidad-Verdad-Política*. Barcelona: Gedisa.
- KITZINGER, C. (1987) *The social construction of lesbianism*. London: Sage Publications
- KNORR-CETINA, K. (1996) *Epistemic cultures: how scientists make sense*. Cambridge, Mass: Harvard University Press.
- LATOUR, B. y WOOLGAR, S. (1986) *La vida en el laboratorio. La construcción de los hechos científicos*. Madrid: Alizanza. 1995. [1ª edición 1979)].
- MCLEOD, J. (1997) *Narrative and psychotherapy*. London: Sage.
- MCNAME, S. y GERGEN, K. (1992) *La terapia como construcción social*. Barcelona: Paidós. 1996
- MEAD, G. H. (1934) *Espíritu, persona y sociedad*. México: Paidós. 1993.
- NEIMEYER, R. A. y MAHONEY, M. J. (Comps.) (1995) *Constructivismo en psicoterapia*. Barcelona: Paidós
- PARKER, I. (Ed.) (1998) *Social constructionism, discourse and realism*. London Sage.
- PARKER, I. y SHOTTER, J. (1990) *Deconstructing social psychology*. London: Routledge.
- POTTER, J. y WETHERELL, M. (1987) *Discourse and Social Psychology. Beyond Attitudes and Behaviour*. Londres: Sage.
- POTTER, J. (1996) *La representación de la realidad. Discurso, retórica y construcción social*. Barcelona: Paidós, 1998.
- RIKONEN, E. y SMITH, G.M. (1997) *Re-imagining therapy: living conversation and relational knowing*. London: Sage.
- RORTY, R. (1979) *La filosofía y el espejo de la naturaleza*. Madrid: Cátedra, 1983.
- ROSE, N. (1989) *Governing the soul. The Shaping of the Private Self*. London: Routledge.
- ROSE, N. (1996) *Inventing our selves*. Cambridge: Cambridge University Press.
- SAMPSON, E. E. (1986) What has been inadvertently rediscovered? A commentary. *Journal for the Therapy of Social Behaviour*. 16:33-39.
- SHOTTER, J. (1984) *Social accountability and selfhood*. Oxford: Blackwell.
- SHOTTER, J. (1987) The rhetoric of theory in psychology. *Current issues in theoretical psychology*. Pp.283-296.
- SHOTTER, J. (1993a) *Cultural Politics of Everyday Life*. Buckingham: Open University Press.
- SHOTTER, J. (1993b) *Conversational Realities*. Londres: Sage.
- USSHER, J. M. (1991) *Women's madness – Misogyny or mental illness*. London: Wheatsheaf.
- WHITE, M. y EPSTON, D. (1990) *Narrative means to therapeutic ends*. New York: W. W. NORTON

O grao co- da psicoterapia:

Unha aproximación crítica
e algunhas obxeccións



Santiago Lamas Crego

USM II. El Puente. Ourense

0. Maher hai anos, comentando as sucesivas teorías sobre as alteracións da linguaxe en esquizofrénicos, dicía que era unha situación onde as hipóteses loitan entre si nun conflito no que novos contendentes entran no campo, pero onde o derrotado nunca se retira. Meehl, pola súa parte¹, non menos irónico, afirmaba en 1978 que as teorías en psicoloxía soben e baixan máis en función do aburrimiento que doutra cousa. Este parece ser o panorama actual nas psicoterapias. Non é fácil xa non catalogar as diversas psicoterapias que se postulan como posmodernas ou narrativas, senón identificar as súas teorías, as súas prácticas ou os seus supostos subxacentes². Sluzki hai anos conseguira establecer un mapa de supostos implícitos a estas terapias para poder ter unha mínima orientación neste campo revolto. O seu mapa ampliado por Emilio Gutiérrez é o seguinte:

¹ Citado por Emilio Gutierrez en «La familia: ¿quejas o problemas?». En: *La Familia: realidad y Mito*. Editorial Centro de Estudios Ramon Areces. J. A. Ríos Coordinador. 1998.

² A este respecto e para boa parte do que segue consultar o excelente artigo de E. Gutierrez xa citado.

- Os problemas de comunicación na familia son o problema.
- As estruturas desadaptativas da familia son o problema.
- As xerarquías de poder desequilibradas son o problema.
- Os intentos de solución son o problema.
- As excepcións son a solución.
- O problema é a solución a outro problema.
- O problema é unha restricción que impide ao sistema evolucionar...
- A descrición, a explicación do problema é o problema.

Non é difícil identificar a partir destes supostos a maioría das escolas e tendencias do campo da Terapia Sistémica, pero parece que todas elas evolucionaron cara ao último punto, o punto narrativo, que se integra ou polo menos influencia con maior ou menor intensidade os seus supostos máis básicos. Orientarse en todos estes avatares non resulta fácil a pesar do «GPS» de Sluzki e Gutiérrez. As notas un tanto dispersas que seguen contribuirán sen dúbida a unha meirande desorientación.

1. Borges sempre confesou a súa incapacidade para escribir unha novela. Consideraba que, na súa maior parte, o material novelístico era recheo, ripios e, se nos seus propios contos había un exceso de tales inconvenientes, nas novelas a cantidade sería inadmisibile. Fiel a eses principios, sempre resulta admirable a concisión reveladora da súa prosa, sen apenas pegadas deses recheos. Non sei cantas veces terei citado o texto de Borges que segue:

Tan compleja es la realidad, tan fragmentaria y tan simplificada la historia, que un observador omnisciente podría redactar un número indefinido y casi infinito de biografías de un hombre, que destacaran hechos independientes y de las que tendríamos que leer muchas antes de comprender que el protagonista es el mismo. Simplifiquemos desafortadamente una vida; imaginemos que la integran trece mil hechos. Una de las hipotéticas biografías registraría la serie 11, 22, 33...; otra la serie 9, 13, 17, 21...; otra la serie 3, 12, 21, 30, 39...(1941)³.

Para dicir isto, as escolas narrativas consumiron moito papel e uns cantos anos porque disto se trata no movemento das narrativas. Véxase se non o seguinte parágrafo de White e Epston (1993):

³ En «Sobre el Vathek de W. Bedford».

A estruturación dunha narración require a utilización dun proceso de selección por medio do cal deixamos de lado, de entre o conxunto dos feitos da nosa experiencia, aqueles que non encaixan nos relatos dominantes que nosoutros e os demais desenvolvemos acerca de nosoutros mesmos... a construción destes relatos expresa aspectos escollidos da súa experiencia vivida...

2. Para Borges sería a selección dunha serie de feitos e o esquecemento interesado de outros o que nos darían unha e outra narrativa identitaria, pero poderíamos tamén non seleccionar, senón cambiar o significado dos feitos: alguén me insultou e calei. Un feito tal pode ser non só «esquecido» ou lembrado, senón interpretado como covardía nunha narrativa ou como madurez noutra. Donald Spence⁴ hai xa moitos anos, pero moitos menos que os do texto de Borges, advertira aos seus colegas psicanalistas que non eran, non deberían ser, arqueólogos á busca dun pasado reprimido máis ou menos traumático, senón guionistas que escriben novos relatos máis convenientes, máis adaptados aos *textos* que os seus pacientes lles entregaban⁵. Para Spence habería unha *verdade narrativa e unha verdade histórica* e do que se trataba en psicoterapia era da verdade narrativa, aínda que nun libro posterior *The Freudian Metaphor*, suavizou a diferenza entre ambas proponendo que a narrativa construída no proceso de terapia é tanto ficticia como real e posúe o poder de producir un plus de significado. Sería un equivalente ao principio de Von Foerster, que propoñía comportarse sempre de tal xeito que se incrementara o número de alternativas⁶, claro que este é un principio da segunda cibernética abandonada polos posmodernos para abrazar o máis elegante socioconstruccionismo.

3. Máis difícil é saber de qué depende que elixamos ou nos fagan elixir os discursos dominantes, unha determinada historia persoal, unha autobiografía arrogante ou encollida entre outras moitas posibilidades. Sabemos desde a *Teoría da Atribución*, que algunhas persoas funcionan cun *locus* de atribución interno mentres que outras fano cun *locus* externo. Un deprimido atribuirá os bos feitos da súa vida ao azar, a casualidade ou a factores alleos e os malos a si mesmo. O contrario sería propio dos paranoides, pero o que estes termos implican son modos descritivos de atribuir(-se) feitos, non explicacións de por-

⁴ Spence, D. P. *Narrative truth and historical truth. Meaning and interpretation in Psychoanalysis*. Norton. 1982.

⁵ Gergen parece afirmar que do que trata Spence é de substituír o relato do paciente polo relato canónico psicanalítico. Non parece deducirse esa posibilidade da lectura da obra de Spence.

⁶ H.Von Foerster. *Las semillas de la Cibernética*. Gedisa. 1991.

qué o fan dese xeito e non de outro. Este sesgo atributivo sería talvez a fonte da metanarración que urdiría os episodios nunha historia máis ou menos coherente. Facemos a nosa historia, ou fánnola, para que a historia nos faga a nosoutros. Sábese que é máis fácil traballar con narrativas nas que o paciente adopta un locus de atribución interno, é dicir, vese como protagonista dalgún xeito no malestar que narra, que con pacientes con narrativas de atribución externo que consideran que todo o malo que lles ocorre ten causas alleas a el:

A posibilidade de tratamento psicoterapéutico está sometida no entanto a unha condición adicional... á posibilidade de construír unha versión do problema presentado polo paciente no que este aparece como implicado persoalmente na orixe, o mantemento ou as posibilidades de resolución do mesmo... o paciente que non acepta tralas entrevistas iniciais, unha lectura do problema na que estea dalgún xeito, persoalmente implicado, non é abordable con psicoterapia⁷.

4. O cualificativo de posmoderna aplicado á psicoterapia, aínda que ás veces non se mencione explicitamente, apóiase, con matices e discrepancias diversas, nas teorías dos diferentes constructivismos e construccionismos (radical, social e sociolóxico), que inflúen nas terapias estratéxicas, sistémicas ou narrativas e conversacionais, e en menor grao nas estruturais. Máis ou menos lonxe, marginados un tanto os Maturana e Von Foerster, sitúanse as influencias que veñen de outros campos: a filosofía (Lyotard), a crítica literaria (Barthes, Derrida), o feminismo, a hermenéutica, a psicoloxía social (Gergen), a antropoloxía (Gertz)... Todo este grupo de disciplinas comparten un trazo común, o da primacía outorgada á linguaxe. Pode afirmarse que non hai psicoterapia que se pretenda posmoderna na que o texto e a narración non sexan os seus termos clave.

5. Pero definir o que é un relato ou unha narración non é asunto fácil. Genette chama relato á representación dun acontecemento ou dunha serie de acontecementos reais ou ficticios por medio da linguaxe. A que utilizan Fernández Liria e Vega enfatiza os supostos fins e revela algún desacordo coa máis escueta e lingüística de Genette: *xénero literario que ten como obxecto producir emocións no lector mediante o desenvolvemento dunha trama (unha relación de sucesos significativos) que evoca un mundo, no que participan uns personaxes, definidos por esa mesma trama. O obxectivo da narrativa non é relatar uns feitos (ese*

⁷ Fernández Liria; R. Vega. *La práctica de la Psicoterapia*. Desclee. 2001. Tal vez coas súas outras publicacións, a síntese máis razoable e útil sobre psicoterapia para os que facemos clínica, polo menos no sector público.

*é en todo caso o obxecto da historiografía ou do informe) senón evocar un mundo para producir unhas emocións*⁸. Aquí ademais introdúcense as sempre elusivas «emocións» case sempre desprezadas e xeralmente nunca consideradas nas súas bases neurobiolóxicas. Os trastornos mentais son desde esta perspectiva,

...narrativas que producen sufrimento evitable (como sucede no que no seu momento se chamaron trastornos neuróticos)... ou evocan mundos non compartibles cos do resto dos membros da comunidade e que impiden, polo tanto, as actividades de cooperación ou enfrontan ao suxeito co resto dos seus integrantes (como sucede no que chamamos trastornos psicóticos)... (id).

6. Os americanos diferencian entre *plot e story*. De traducción difícil, (própuxose *trama e historia*), considérase *Story* como a narración dos feitos en sucesión temporal, tal como ocorreron; e *plot* a narración na que a énfase se pon na relación causal que os une. Supoñamos o seguinte exemplo⁹: «o rei morreu e logo morreu a raíña». Este sería un exemplo de *Story*; «o rei morreu e logo morreu de pena a raíña», un exemplo de *plot*. É, parece, a vella distinción entre *post hoc e propter hoc* (despois de e a causa de). Moitos pacientes parecen traer á consulta unha *story* que consideran un *plot*. Non din, *pasoume isto e despois isto, senón pasoume isto e por iso, isto*. Os terapeutas, pola súa parte, ás veces fan o mesmo con resultados non sempre benéficos. Talvez é algo como isto ao que se refire Rendueles¹⁰ cando escribe que a psicoterapia pode levar a caos psicoloxizantes que arruínan vidas ao centrarse en experiencias infantís intrascendentes ou que proporcionan orde e significacións onde reina o azar. Por iso ás veces bastaría con transformar un *plot* nunha *story* para resolver a situación, cambiar os significados supostamente «causais» por significados máis neutros.

7. Kuznar¹¹, un antropólogo irritado, considera que o esencial do posmodernismo é o descrédito da ciencia e a tecnoloxía occidentais. Ademais desta carencia engade os principios que a seguen:

- A representación da vida social como un «texto».

⁸ Fernandez Liria; R. Vega. /id)

⁹ Estebanez Calderón.D. *Diccionario de términos literarios*. Alianza. 1999.

¹⁰ Rendueles Olmedo.G. «Psicoterapias en el Estado». En *Psicoterapias en el sector público. Un marco para la integración. Asociación Española de Neuropsiquiatría. Estudios*. Fernandes Liria; Hernández Monsalve; Rodríguez Vega. (Coord). 1997.

¹¹ M. L.Kuznar. *Reclaiming a scientific anthropology*. Walnut Creek. California.Altamira. 1997.

- A elevación do texto e a linguaxe ao rango de fenómenos fundamentais da existencia.
- A aplicación da análise literaria a todos os fenómenos.
- O cuestionamento da realidade e da idoneidade da linguaxe para describir a realidade.
- O desdén ou o rexeitamento do método.
- O rexeitamento das teorías xerais ou metanarrativas.
- A advocación da multiplicidade de voces dispares.
- A prioridade concidida ás relacións de poder e á hexemonía cultural.
- O rexeitamento das institucións e logros occidentais.
- Un relativismo radical e certa propensión ao nihilismo

Para Kuznar, que afirma que todas estas consideracións teñen a súa fonte na teoría da verdade de Nietzsche, este determinismo lingüístico propio do posmodernismo, implica que os fenómenos para os que non dispoñemos de linguaxe non existen e por extensión non poden afectar á nosa vida. Non é menos crítica a posición de Wilson:

O posmodernismo é a antítese polar extrema da Ilustración... os pensadores da Ilustración cren que podemos sabelotodo... os posmodernistas radicais cren que non podemos saber nada... A realidade... propoñen, é un estado construído pola mente, non percibido por ela. Na versión máis extravagante deste constructivismo non existe unha realidade «real», non hai verdades obxectivas externas, só versións prevalentes que os grupos sociais dominantes espallan...¹²

Aquí convén lembrar o que Marina escribía a este propósito: Un dos lemas, das consignas de toda terapia cognitiva e por extensión de todas as posmodernas é que:

«Non nos fan sufrir as cousas, senón as ideas que temos acerca das cousas». En efecto, isto pode ser verdade; pero a min, dictador, encantaríame crear un Ministerio de Psicoloxía Cognitiva para que se extendera esta boutade... cambie vostede o seu discurso e cambiará a súa maneira de pensar. A realidade é intrascendente. E un corno!¹³

¹² Wilson. E. O. *Consilience*. Círculo de lectores.

¹³ J. A. Marina. *Después del postmodernismo el ultramodernismo*. En *Redes* N° 11, Paidós 2003.

Marina chega a dicir que o posmodernismo nos contaxiou a síndrome de inmunodeficiencia mental que aniquila as nosas defensas racionais facéndonos vulnerables a calquera idea por débil que esta sexa. O remedio «versión» Marina: estudar e pensar máis.

Non son só Kuznar, Wilson ou Marina entre nosoutros os irritados¹⁴. Tamén Chomsky é moi crítico con esta perspectiva. Fernández Liria, outro máis dos cabreados, recolle nun dos seus libros as opinións de Chomsky¹⁵ con ocasión dunha entrevista, onde consideraba, entre outras cousas, que o posmodernismo forma parte do modo en que a comunidade intelectual realiza o seu traballo para marxinar, confundir ou intimidar á xente; que nun 90% é puro delirio, o que por outra parte é moi útil, porque mantén os postos de traballo dos intelectuais; que non o pode comentar porque nin sequera o entende e nas raras veces que chega a entendelo descobre que se trata de truísmos de verdades evidentes ou idioteces (sic) nas que non está disposto a perder o tempo. Liria non se atopa cómodo no posmodernismo ou máis que co posmodernismo cos seus textos lonxanos e os seus teóricos que considera inútiles pouco merecedores do esforzo que esixe a lectura dos seus textos canónicos que apenas aportan nada á nosa teoría e práctica clínica, opinión que comparto en todos os seus puntos.

8. Aplicados ás psicoterapias, estes principios daríannos un grupo de terapeutas que consideran que o que o paciente trae á consulta é un texto, unha narración á que é posible aplicar os procedementos da análise textual, que non existen verdades con carácter absoluto senón versións, que hai tantas realidades como versións, que non poden ser comprendidas dentro de marcos ou teorías xerais e que equiparan versión a verdade polo menos local, non aceptando a existencia de verdades absolutas. Ademais, dado que non dispoñemos de criterios obxectivos para establecer a verdade obxectiva de ningunha versión, o terapeuta pasa de ser un experto que sabe a unha posición de «non saber», co que a súa relación co paciente, que agora é cliente, debe ser democrática, igualitaria, e o proceso terapéutico, en consecuencia, unha negociación ou co-construción. O resultado non deixa de ser fonte dalgunhas perplexidades:

¹⁴ Lynn Hoffmann reconece que a irritación acada incluso aos terapeutas que observan traballar ao Grupo de Galveston. Os motivos: aparentar non saber cando é obvio que saben.

¹⁵ En *La práctica de la Psicoterapia*, Desclee 2001, pp 50. A entrevista con Chomsky por N. Dietrich da que se extraen os parágrafos comentados, está tomada de «Hablemos de Terro-rismo» na revista Txalaparta, Pamplona pp 137-138.

O terapeuta que queira ser posmoderno atópase rapidamente mergullado nunha serie de prescricións paradoxais. Deben considerar todas as narracións igualmente válidas (polo tanto, igualmente verdadeiras –ou non verdadeiras, que sería o mesmo–). Pero isto podería conducir, por exemplo, a soste que os problemas ligados ao xénero ou á violencia e o maltrato son «historias como todas as demais» e porén, suxeitas ao relativismo¹⁶.

Gergen é tallante: *non existe xustificación ningunha para que o profesional crea que posúe coñecementos transcendentais sobre a disfunción ou a cura*. Suaviza un pouco as súas afirmacións no mesmo texto: *isto non significa que o terapeuta careza de habelencias valiosísimas que aporta á relación; significa que estas habelencias non se deben a que sexa un experto nos relatos explicativos e descritivos que fai da terapia...* Gergen propón que incluso nun tribunal o xuíz non debe estar nunha posición dominante sobre o xulgado senón que ambos deben intercambiar as súas versións¹⁷. Temo que o dí en serio...

9. A posmodernidade produce un suxeito peculiar. Hai, entre outros, dous intentos de relevancia reiteradamente evocados na bibliografía ao uso para intentar definir este suxeito posmoderno. Gergen no seu *Eu saturado* considera que este novo Eu é o produto das tecnoloxías da saturación social: fax, e-mail, teléfono, televisión, aviación, etc. Conéctannos con miles de persoas en miles de lugares; recibimos información inmediata de todo o mundo ao momento. Inmersos en múltiples relacións cambiantes, tode se abanea. O duradeiro vólvese efímero; o estable, inestable. Nin sequera a fidelidade ao lugar se mantén. As pautas de relación vólvense plurais e múltiples. Coa saturación social convertémonos en depositarios de numerosas personalidades ocultas, de voces interiores varias e o noso Eu convértese nunha pauta de relacións. Lipovetsky engade a parte moral e ética. Os deberes cara a un mesmo e a sociedade substituíron aos deberes relixiosos. Pero o Eu posmoderno acolle un novo tipo de ética, unha ética sen sacrificio, indolora. Solidariedade sen sacrificios. Axudamos ao terceiro mundo, colaboramos coas ONG, pero asistindo a un concerto para recadar fondos. Este Eu posmoderno flexible e adaptable ten algúns inconvenientes e non é o menos importante, lémbrao Marina, que será un

¹⁶ Bertrando; Toffanetti. *Historia de la Terapia Familiar*. Paidós. 2004. Sobre os problemas do relativismo é excelente o texto de J. J. Sebreli, «Asedio a la Modernidad»; *Crítica del relativismo cultural*, en Ariel. 1992.

¹⁷ Gergen. K; Warhus. L. *La terapia como una construcción social. Dimensiones deliberaciones y divergencias*. En www.swarthmore.edu/socSci/kgergen1/webprinterfriendly.phtml?id=manu18. Las observaciones sobre jueces y acusados en «Realidades y Relaciones». Paidós.

Eu dependente da situación: *terá sete vidas coma os gatos, pero posiblemente, vida de gato.*

Non sei se o termo «multifrenia» que propón Gergen para describir este novo Eu sería máis axeitado cá *cebola* barthesiana.

10. O suxeito como síntoma pasou de ser considerado unha ameixa a ser considerado unha cebola (son termos de Barthes). Non se considera xa que o síntoma se deba, por exemplo, a unha anomalía estrutural da familia, que sexa preciso descubrir ou desvelar a través da interpretación, senón que se trata de negociar significados a través da conversación xa que *é o significado que os membros –(da familia)– atribúen aos feitos o que determina o seu comportamento*¹⁸. Tampouco se admite que exista un núcleo duro refuxio do suxeito, senón unha serie de capas de significación que se poden ir desprendendo, deconstruíndo, sen que ao final non atopemos máis que unhas últimas capas sen núcleo ningún: *se ata agora vimos o texto como unha especie de froita sen semente... no que a carne é a forma e a semente o contido, sería mellor velo coma unha cebola, unha construción en capas e cuxo corpo non contén corazón ningún, semente ningunha, segredo ningún... nada agás a infinidade de envolturas...* Este suxeito *acebolado*, é, sen dúbida, plural, produto tal vez, como pensa Gergen, das tecnoloxías da saturación social ou da redución da vida a criterios economicistas na que todo, incluso a psicoterapia, vólvese unha transacción, unha negociación entre terapeuta e «cliente», pero resulta difícil saber qué se quere dicir cando se afirma que no «arranque terapéutico» o interese *desprázase aos modos en que unha pluralidade de perspectivas se coordinan en pautas coherentes de interacción cada unha das cales potencia e contrasta simultaneamente formas particulares de acción*. O parágrafo, cargado de retórica baleira, é de McNamee, pero Gergen considero o bastante relevante e ilustrativo como para recollelo paradigmaticamente¹⁹. Esta retórica manierista e oca é bastante habitual nos apartados teóricos dos textos posmodernos terapéuticos. Por exemplo, a observación trivial de que para que haxa diálogo entre cliente e terapeuta é preciso falar, pode converterse en: *o sistema terapéutico é un sistema dentro do cal a comunicación ten unha relevancia específica para un intercambio dialogal*. Ao final, como lembran Bertrando e Toffanetti, *estes autores ceden á fascinación da historia narrada polo individuo e rematan véndoa como correspondente a un «eu» máis tradicional do que parece*.

¹⁸ White. M; Epston. D. *Medios narrativos para fines terapeuticos*. Paidós. 1993.

¹⁹ Gergen. K. J. *Realidades y Relaciones*. Paidos. 1996.

Os argumentos cos que Gergen pretende refutar as críticas ao construcionismo posmoderno non son convincentes. Segundo Gergen, o construcionismo non nega a existencia do mundo «aí fóra», pero tampouco fai ningunha afirmación ao respecto; non é que sexa insensible aos asuntos de poder, simplemente ocorre que hai moitos conceptos de poder socialmente construídos, e tampouco nega o valor da medicina occidental. Este exemplo é revelador do modo de razoar de Gergen. Gergen afirma que prefire levar a seu fillo ao «médico da súa cultura», e faríao non porque o saber do médico de occidente sexa superior, senón porque Gergen participa en relacións onde os valores occidentais predominan e codifica os acontecementos como «enfermidade» e «cura» de xeito compatible coas prácticas locais... se estes valores e prácticas asociadas son universalmente preferible é algo que abre un serio debate». Ben: nada de vacinacións en Haití; nada de ciruxía en Serra Leona. Todos ao curandeiro local... Non estou nada seguro de que os habitantes desa cultura local cos seus valores e versións locais compartan esta posibilidade se teñen a man a medina occidental²⁰. Outra cousa son as patoloxías culturais surxidas de conflitos propios de cada cultura, pero incluso aquí, a chamada cultura occidental ten ferramentas para, polo menos, entender estas patoloxías, aínda que a capacidade de resolvelas estea restrinxida polo seu non acceso á posición, por certo saber/poder, que cada cultura outorga a algúns dos seus membros.

11. Pero sexa como for, se se considera por razóns prácticas que a experiencia é un texto e que a mellor maneira de analízalo é a través dos procedementos de análise textual e que non existen ademais a verdade nin a ciencia, senón que son relatos e metáforas sempre apegados ao poder, hai que supoñer que o que o paciente trae á consulta é un texto de sufrimento ou de exaltación que podemos «corrixir» á maneira dun profesor de estilo, suprimindo certos parágrafos que substituiremos por outros máis convenientes para que a narración funcione mellor, ou incluso substituír esa narración por outra.

Os posmodernos parecen rexeitar que existan «feitos» (só versións) e aceptar que as diferentes versións teñen todas o mesmo valor (relativismo). Desaparecen, así, a realidade obxectiva e a verdade. Os feitos, no entanto, existen, e a verdade tamén, pero en psicoterapia, supónse, non é necesario buscar os feitos nin a verdade –polo menos non «todos os feitos» nin «toda a verdade»– como pode ser obrigado no campo xurídico ou científico. Paulo Tunhas, un

²⁰ Gergen, K. J. *Realidades y relaciones*. Paidós. 1996.

filósofo portugués, autor con Fernando Gil²¹ do libro *Impasses*, considera que existen tres formas de crenza²²: *crer na verdade dunha teoría científica* é un proceso mental que supón a figura da proba; *crer nunha regra moral* é un proceso mental que supón a figura da argumentación; *crer na beleza dunha obra de arte* é un proceso que supón a figura da evidencia do sentimento de pracer. Os terapeutas non buscan verdades «históricas» ou probas desas verdades nas narracións dos pacientes. Fronte a unha narrativa de sufrimento «argumentan», comentan, negocian. Tal como o entende a psicoterapia posmoderna, prodúcese unha negociación que ten base argumental ás veces estética e sobre todo utilitaria, e aquí o consenso entre diferentes terapeutas é amplo:

Cando alguén acode a terapia, un resultado aceptable para el podería ser a identificación ou xeración de relatos alternativos que lle permitan representar novos significados, aportando con eles posibilidades máis desexables, novos significados que as persoas experimentan como máis útiles, satisfactorios e con final aberto²³.

...o criterio para avaliar a psicoterapia é un criterio de utilidade, non un criterio de verdade... a operación que se leva a cabo en psicoterapia non é da orde da interpretación, que pon en relación o aparente cunha verdade da que o aparente é signo), senón da orde do comentario (que o que fai é abrir o abano de significados suxeridos por un texto²⁴.

Perez Sales²⁵ insiste tamén en que en calquera psicoterapia o relevante non é o criterio de verdade. O psicoterapeuta non necesita saber a «verdade» do ocorrido (no sentido histórico ou xurídico do termo, di), para poder axudar ao paciente, pero non parece aceptable a observación máis radical de Rozo de que non hai descrições máis correctas que outras para a realidade. Un «cliente» que afirme que é a reencarnación de Xulio César e pasee vestido de romano polas rúas da súa cidade, non parece posuír unha versión moi correcta de «a» realidade ou da «súa» realidade. Un terapeuta pode facerlle preguntas que res-

²¹ Nos libros de Damasio aparece citado con reiteración o nome de Fernando Gil. Só a tradicional ignorancia española do portugués, (coa excepción de Galicia), fai que tanto Gil como Tunhas sexan practicamente descoñecidos no noso país. «Impasses», (Ed Europa America, em portugués), un libro sobre a «ma-fé» dos intelectuais no conflito Occidente-Islam e todos os seus derivados, así como «Modos de Evidencia», ou «A Convicção» mostrarán se se len, o moito que ignoramos do que ocorre aquí ao lado.

²² En Internet pode accederse a este texto en francés en www.letras.up.pt.

²³ White y Epston (obra citada).

²⁴ Fernandez Liria; Rodriguez de la Vega. (o.c).

²⁵ Perez- Sales.P. *Trauma y Resistencia*. Pfizer. 2004.

pecten a súa versión e abrir unha posibilidade de «producción dialogal», pero non está claro nos casos publicados con este tipo de enfoque e de preguntas cal é a evolución posterior nin tampouco adoitan ser este tipo de casos «duros» os que asoman con máis frecuencia nas páxinas dos textos de terapia posmoderna.

Os relatos, como os argumentos ou os comentarios, teñen «peso», son ponderables. *A imposibilidade da proba en sentido forte*, escribe Tunhas, *non nos conduce ao relativismo* (ou non debería). Por iso non vale calquera relato, calquera interpretación, calquera comentario. En psicoterapia, como vimos, é a «utilidade» o que concede «peso» a uns argumentos sobre outros e impide a deriva igualitaria relativista. O tipo de utilidade é outro asunto e aquí Gergen tamén aportou algunhas consideracións.

12. Analoxía do texto, é dicir, considerar a interacción entre as persoas como análoga á dun lector cun texto, converteuse nunha guía de actuación. A triloxía *autor-texto-lector* transformouse en *paciente-conversación-terapeuta* e do mesmo modo que se considera que a intención do autor non é relevante para o significado dun texto, e a súa lectura é unha *obra aberta* suxeita a diferentes interpretacións polo lector, a queixa do paciente non ten porque posuír un significado pechado, único, e a súa lectura polo terapeuta pode producir un problema de negociado que encaixa no que Eco chama a «intención do texto». Pero non hai unha deriva sen fin nin un relativismo total nas interpretacións dun texto, tampouco unha remisión infinita dun texto a outro, dunha interpretación a outra. Umberto Eco advertía que Carapuchiña Vermella ou Brancaneves²⁶ poden soportar varias interpretacións, pero non calquera interpretación e basta para comprobar estas restriccións que impón o propio texto con entregarlle a un grupo de lectores dous textos A e B e pedirilles que escriban tres interpretacións do texto A. Despois solicitamos a un *derridiano* que lea os textos A e B e despois as tres interpretacións e nos diga a cal dos dous textos pertence. Non terá problemas en recoñecer que son do texto A. O que iso nos amosa é que a intención do autor pode non ser relevante á hora de interpretar un texto e poida que existan tantas lecturas posibles como lectores, pero hai tamén, como lembra Eco, unha «intención do texto» que impón restriccións á súa lectura e interpretación.

²⁶ *Carapuchiña* podemos estar seguros de que non é a historia dun adulterio. En Brancaneves tería certa posibilidade unha interpretación de clase (os ananos son traballadores, etc).

13. O construcionismo, polo menos nas súas versións «fortes», ten un fundamento débil²⁷. A linguaxe non crea o mundo²⁸. De feito os nenos desenvólense habilmente no mundo moito antes de que a súa capacidade narrativa estea lista (aos 4-5 anos). É certo que certas categorías non existen fóra da linguaxe e do narrativo. Ninguén reconece aínda que a vexa, unha falla xeolóxica senón adquiriu ese concepto, e o mesmo ocorre con «divorcio» ou «catolicismo». Pero existe un «narrativismo radical» que parece suprimir a experiencia inmediata. Non todo é texto e deriva sen fin do significativo ou os significados. Ao final da cadea existen uns significados básicos que son perceptivos sobre os que se constrúen os lingüísticos, cando a linguaxe existe. Tampouco é certo que linguaxe sexa igual a comunicación. Bickerton chega a dicir, con bastante irritación, *que a crenza amplamente sostida e frecuentemente repetida de que a linguaxe é un medio de comunicación é equivocada e foi devastadora na pretensión de acadar unha concepción axeitada de cómo somos os humanos*. A linguaxe é un sistema de representación que pode, e de feito así se fai, ser empregado para a comunicación ou para facer cousas, pero nada diso sería posible sen a función previa da representación. Todo sistema cognitivo, escriben Sperber e Wilson²⁹, ten por finalidade construír unha representación do mundo útil, e para que o sexa debe ser verdadeira, pero construír é aquí representar, «traducir», non crear. É claro que a «representación» do mundo dun morcego non é a mesma que a nosa, pero humanos e morcegos somos capaces de atrapar un insecto, co seu «sonar» o morcego, co noso sistema visual, nosoutros. Cada sistema perceptivo traza o seu propio mapa do territorio, de maior ou menor amplitude, con límites máis ou menos amplos, que selecciona e completa con materiais propios, pero todos son mapas do mundo, diferentes pero isomórficos entre si e co mundo que representan. En Bateson, o mapa non era o territorio, pero o territorio existía. En Maturana, o territorio parece esvaecerse e só existen mapas. Que un paxaro se reflicta, «impacte» na nosa retina non conta. A nosa realidade empeza na retina e punto. O paxaro ou cal-

²⁷ Hai moitos tipos de constructivismo e de construcionismo que non vén ao caso reseñar aquí. Si é necesario non confundir constructivismo con construcionismo social. É este último o que está hoxe presente de modo determinante nas tendencias posmodernas recentes. En canto ás diferencias entre obxectivismo e construcionismo están ben expostas en Feixas e Viaplana, *Constructivismo y Psicoterapia*, Desclé 2000.

²⁸ Ver a este respecto, Bickerton .D, *Language and human behavior*, University of Washington Press, Seattle, 1996. A súa diferenciación entre pensamento *on-line* y *off-line*, trazo fundamental para distinguir os sistemas de representación-comunicación animal e os humanos é de sumo interese.

²⁹ Sperber, D.; Wilson, A. *La relevancia*. Visor.

quera outro obxecto só desencadea dentro de nós un cambio que estaba previamente determinado pola estrutura do noso cerebro. O mundo externo funciona só como un gatillo. O mesmo ocorrería en psicoterapia, onde non habería transmisión directa do terapeuta ao paciente, senón só «perturbacións» inducidas polo terapeuta que o paciente debería assimilar á súa maneira. A observación de Rukeyser e colaboradores de que *o universo está feito de historias, non de átomos* necesitaría, polo menos, unha palabra intermedia: «o universo-experiencial- está feito de historias...».

14. A Cade e O'Hanlon non lles escapan os problemas que esta posición pode entrañar e advirten:

Parécenos importante que en calquera discusión da realidade teñamos o coidado de diferenciar con claridade dous niveis: o das cousas e os feitos que se poden considerar razoablemente como existentes –alí fóra– e o dos diversos marcos a través dos cales percibimos e parece e interpretamos³⁰.

Unha de dúas: ou a experiencia de ser acoitelado por alguén é unha «narración primaria» ou debemos admitir que o acoitelamento é un feito, un dato, ao que unha narración lle dá sentido e haberá sentidos diferentes como narracións diferentes. Claro que por fortuna hai sentido común abondo entre os psicoterapeutas e tamén sentido do humor. Cade e O'Hanlon, por exemplo, pregúntanse que faría Watzlawick con respecto ao seu, en ocasións, construtivismo radical que nega a realidade «exterior» se se atopara fronte a un oso polar enfurecido. Ou Derrida... O «texto» *oso enfurecido* será só unha «versión» entre outras con escaso valor de verdade?, podería ser deconstruído? (Quizais se apura). Ou dito doutro xeito: Que come Maturana? Imaxes? Que come Derrida? Palabras?

15. Foucault pasou a súa vida estudando as institucións que Dickens describira moitos anos antes: hospitais, manicomios, prisións, *pero a súa análise non se centra unicamente no aparello coercitivo propiamente dito e no seu funcionamento, senón nos seus correspondentes «discursos» que definen de que se trata en cada caso: un tolo, un criminal, un enfermo ou un caso patolóxico*³¹. O posmodernismo seguiu este camiño de todo «texto», todo «discurso» e, en conse-

³⁰ Cade, B.; O'Hanlon, W. *Guía Breve de Terapia Breve*. Paidós. 1995.

³¹ D. Schwanitz. *La Cultura*. Taurus. 2002.

cuencia, trasladou ao campo da terapia todo o seu arsenal teórico. O poder das institucións e as prácticas redúcense aos seus «discursos»; o saber equipárase ao poder e o poder, sexa cal sexa, é considerado indesexable, e para Foucault non parece haber moitas diferencias, nin sequera progreso, entre o exercicio do poder que consistía no esnaquizamento público do condenado e o poder exercido pola pedagogía sobre as almas³².

Seguindo a vía foucaultiana, a relación terapéutica redeseñase para evitar as trampas dos discursos e «manipulacións» do poder/saber do terapeuta, a mentalidade «colonialista», como di Lynn Hoffman³³ que destaca neste movemento a preponderancia do prefixo «co-» para describir a nova conversa terapéutica. As terapias posmodernas procuran eludir todo procedemento no que o terapeuta ocupe unha posición de saber/poder. Así, un paso máis alá, terapeutas conversacionais como Anderson e Goolishian permiten aos pacientes asistir ás súas discusións, introducen e teorizan a posición do «non saber» do terapeuta, posición teórica, é certo, á maneira de Matías Prats, onde o papel do terapeuta pasa de ser, como ocorría en décadas pasadas, un descubridor ou un explorador, a ser un *artista da conversa*, un *arquitecto do proceso dialogal*³⁴.

Da modernidade ao posmodernismo, os terapeutas antes chamados familiares (Minuchin preguntábase non hai moito onde quedaba a familia na terapia narrativa), foron pasando de *interpretacións* ou *prescricións a comentarios e preguntas*. Neste tránsito aquí esquematizado moi simplemente e que non é só secuencial, a *posición teórica* con respecto ao saber do terapeuta pasou de *experto que sabe* (interpretación e prescrición) a *entendido* (comentario) e *ignorante* (preguntas) e incluso dentro destas últimas produciuse unha transición desde preguntas do tipo: *cal é o seu problema?* Ás de tipo: *como ve vostede a situación?*³⁵ Non é esta unha posición moi convincente e un pregúntase, ironicamente por suposto, se dado que o terapeuta *non sabe* e quen sabe é o cliente

³² O concepto de poder en Foucault foi obxecto de numerosos estudos e interpretacións imposibles sequiera de bocexar aquí. Ás veces en traballos *menores* como *Intolerable* pode percibirse mellor que nas súas grandes obras as súas opinións. Neste fascículo, escribe Didier Eribon na súa biografía de Foucault, figura a seguinte anotación: *Son intolerables: os tribunais, a bofia, os hospitais, os manicomios, a escola, o servizo militar, a prensa, a tele, o Estado...* En *Michel Foucault*; Didier Eribon; Anagrama. 1992.

³³ En «Una postura reflexiva para la terapia familiar». En McNamee, S.; Gergen, K. J. *La terapia como construcción social*. Paidós. 1996.

³⁴ Anderson, H.; Goolishian, H. «El experto es el cliente: la ignorancia como enfoque terapéutico». En *La terapia como construcción social*. Paidós. 1996.

³⁵ Observación de J. A. Roza en «La terapia desde el punto de vista del construccionismo social...?» En www.Psicología.com.

(«o experto é o cliente», din Anderson e Goolishian), non debería o terapeuta pagar a sesión ao experto cliente? Ou incluso: os clientes carecen por completo de calquera tipo de poder?

O valor dunha pregunta, dun comentario, dun argumento, a súa capacidade de ser aceptado depende de quen sexa o emisor e do valor que o receptor outorgue a ese emisor. A cuestión da terapia é un asunto non só de enunciados, senón de enunciación: quen di que a quen nun contexto determinado, incluso quen escoita a quen nese contexto. O mesmo comentario que podería determinar o cambio da narrativa dun paciente dentro da «negociación», non tería a mesma eficacia se fora pronunciado polo camareiro do bar da esquina. Unha mesma pregunta pode ter unha ou outra resposta segundo quen a formule. As terapias narrativas teñen que introducir nas súas teorías a cuestión que podemos chamar da transferencia, do suxeito suposto saber ou do carisma, do poder tradicional ou do poder lexítimo, termos estes últimos da autoría de Max Weber. O que diga o papa «vai a misa»; o que diga un terapeuta democrático, negociador, respectuoso, ignorante, tamén vai a misa, para iso o paciente recorre a el predisposto a consideralo así e é o paciente (ou cliente, ou persoa) quen sitúa ao terapeuta nesa posición e lle outorga ou non o poder. É evidente que existen unha clara diferencia entre *coñecemento experto e coñecemento experiencial* ou coñecemento local, como o chama Geertz, pero a consideración da experiencia do paciente é un dos fundamentos primarios, incluso éticos, de calquera psicoterapia digna dese nome. Cando Payne³⁶ para criticar a visión modernista da terapia pon o exemplo da muller que sufría abusos físicos e psicolóxicos por parte do seu marido e que non tiña a quen recorrer e posuía o «coñecemento local» de que as accións do marido eran causa do seu sufrimento e non a depresión que lle diagnosticaran, un non sabe se esta muller tivo a desgracia de atoparse cun terapeuta estúpido ou Payne utiliza un exemplo malévolo.

16. Sen dúbida as maneiras de escoitar e preguntar son determinantes. O eximio profesor e extravagante cidadán, Emilio Gutiérrez³⁷, lembra a diferencia entre *queixas* (que están fóra, ao outro lado da porta do despacho terapeuta) e *problemas*, que só existen dentro do despacho do terapeuta: *a maxia comeza*

³⁶ Payne, M. *Terapia Narrativa*. Paidós. (pag. 47).

³⁷ Para os non informados, que case sempre soen ser ao mesmo tempo malintencionados, convén recordar que Don Ramón María del Valle Inclán foi detido en tempos de Primo de Rivera e no auto procesal as autoridades referíanse a el, como o «eximio escritor e extravagante cidadán». Trátase aquí dunha chiscadela contextual para «enteirados».

en que dependendo da porta á que chame unha queixa, un pouco máis tarde sairá un problema ou outro...

Pero conviría engadir un novo termo: habería, *malestar* (real), *queixa* (o meu xeito de narrar ese malestar ou sufrimento) e *problema* (a transformación da queixa a partir da negociación terapeuta paciente nalgo sobre o que se pode traballar). A psicoterapia é difícil se non podemos transformar unha queixa nun problema, pero parece selo tamén se pretendemos transformar un malestar debido a causas «reais» nunha queixa.

O problema é que non todo é linguaxe, non todo é discurso nin só existen diferentes versións do mesmo valor. Ese malestar, esa realidade reducida á realidade textual que esquece o situacional e o seu poder de producir sufrimento físico ou psíquico, é ás veces moi insistente e perturbadora. Non falemos xa de violencias, malos tratos, violacións, etc. nos que xa podemos deconstruír o que queiramos ou consideralas un «texto» máis entre outros posibles, que o mal seguirá exercendo os seus efectos.

17. Tomemos, por exemplo, o mundo laboral de hoxe nos seus empregos de medio e alto nivel. No seu libro *La souffrance en France*, excesivo nalgúns dos seus calificativos políticos pero inquietante nos seus datos, Dejours mostra algunhas das novas fontes do malestar, do sufrimento, físico en ocasións pero case sempre psíquico, no mundo laboral de parados e traballadores. Dejours parte do concepto de «banalización do mal» que Hannah Arendt acuñara a propósito do xuízo de Eichmann. A súa reflexión parte de outro escrito de Arendt: (É) *só no caso de que existan boas razóns para crer que estas condicións (miseria e sufrimento) puideran ser cambiadas e non o son, que estala a ira dos afectados. Non manifestamos unha reacción de cólera máis que cando o noso sentido da xustiza é escarnecido*³⁸. A partir deste texto, Dejours fai o seguinte razonamento: os parados e excluídos sofren, e este sufrimento conduce ao mal físico ou mental a través da agresión contra a base da identidade; este sufrimento é comprendido por todo o mundo, pero non todo o mundo comparte o punto de vista de que estas vítimas o sexan tamén dunha inxustiza; hai, pois, unha discordancia entre sufrimento e inxustiza polo que este sufrimento non vinculado á inxustiza, que se atribúe ao destino ou a razóns estruturais económicas dos sistema sen culpables recoñecidos, non leva á reacción política, á cólera ou a acción colectiva, senón que apela á compaixón, a piedade ou a caridade. Para Dejours si hai culpables, o liberalismo económico e os seus xesto-

³⁸ Arendt, H. Crisis de la República. Taurus. 1996.

res, pero as atribucións a outras causas como as xa mencionadas desarma a acción solidaria e banaliza este sufrimento que apenas é obxecto de loitas reivindicativas. Francia nos 80, dicíase, non poderá soportar unha taxa de para máis alá do 4% sen axitacións insurreccionais. Hoxe soporta un 13% sen que esas previstas axitacións se produciran. É a sociedade enteira a que se transformou desde os 80 e cambiou a súa reacción perante estes sufrimentos. A tolerancia á inxustiza incrementouse. Pénsase que o sufrimento no traballo diminuíu grazas á automatización e á robótica, e que son os parados os únicos que agora padecen. Isto, para Dejours, non é así. Persisten os perigos da saúde derivados do traballo (nucleares, químicos, limpeza, virus, etc.), os ritmos de traballo incrementáronse, trabállanse máis horas que antes, os ritmos das cadeas adoptaron fórmulas xaponesas que apenas deixan espazos libres entre as secuencias e os malestares chegan incluso aos empregos de alto nivel. Dejours menciona tres fontes destes novos malestares:

1. O temor a ser incompetente. Sábese que en condicións ordinarias de traballo cumprir estrictamente os regulamentos impide o funcionamento das empresas. É a técnica da folga de celo. Nos traballos, sobre todo complexos, que implican responsabilidade sobre persoas ou instalacións, é frecuente que se produzan accidentes e incidentes dos que nunca se chega a coñecer a súa orixe, que pode ser por negligencia ou non. En tales condicións é imposible para os traballadores saber se eses incidentes se deben á súa incompetencia ou a anomalías do sistema técnico e isto supón unha permanente fonte de angustia, sufrimento e perplexidade que toma a forma dun temor a ser incompetente ou incapaz, de non estar á altura das situacións nas que a súa responsabilidade está en xogo.

2. A coacción a traballar mal. Casos nos que existe unha responsabilidade sobre procesos que non é posible controlar porque son desempeñados por compañías subcontractadas imposibles de supervisar correctamente, pero dos que un é responsable.

3. A falta de recoñecemento do propio traballo ben feito, que é acollido con indiferencia ou silencio.

Estas tres fontes de sufrimento, e algúns dos casos que menciona Dejours remataron en suicidio, establecen problemas difíciles de afrontar, como o fan as situacións de acoso laboral ou sexual, o *barnout* e tantos outros cadros xerados nestas circunstancias que antes, non hai demasiados anos, eran resoltos a través da acción sindical dentro da propia empresa e que agora, rota a solidariedade, subxugados, como diría Foucault, os discursos de resistencia sindical baixo os discursos xerenciais dominantes, buscan o recurso dos profesionais *Psi*

situados na esfera pública para que establezan un diagnóstico, concedan unha invalidez ou instauren un tratamento que non toque a fonte do mal senón o seu relato. É a Psicoterapia o remedio a estes sufrimentos? Son só «discursos» estes malestares? Son estes suxeitos posmodernos sen principios esenciais nin «esencias» éticas? Dito doutra maneira quizais un tanto infiel, Dejours describe nos modos de considerar estes pacientes sufrintes, un cambio desde o sindical e o político ao psicolóxico. Os posmodernos parecen seguir un camiño inverso: desde o psicolóxico van ao político, ao poder máis alá das narracións dos seus clientes. Pero aquí aparece un problema: *Desde o momento en que no ámbito anglosaxón do que proveñen tantos innovadores da terapia familiar do período, é imposible pensar en cambios sociais e políticos que poñan en discusión as regras da economía, a única posibilidade é obter cambios non só no nivel microsocia, senón tamén no lingüístico: pódese ler neste enfoque, a claudicación ante a imposibilidade de obter cambios substanciais*³⁹.

No seu último libro⁴⁰ ou nas súas entrevistas recentes, Lipovetsky nega incluso a posmodernidade. Non hai tal cousa senón unha exasperación do moderno, a hipermodernidade. É certo que o estado retrocede, a relixión ou a familia privatízanse e o mercado imponse. Pero esta sociedade liberada dos seus inimigos tradicionais modernízase a si mesma e vólvese *hiper-*: hipercapitalismo, hiperterrorismo, hiperindividualismo, hipermercado, hipertexto... O que agora domina é o medo, derivado, como analiza Dejours, do paro, das regulacións laborais, da precariedade, do quecemento global ou da saúde. Os casos de Dejours enténdense mellor desde unha sociedade hipermoderna que desde unha posmoderna.

É asunto que vén de antigo este da psicoterapia como adaptación a situacións patóxenas e que a pesar das idas e vidas nas que se viu implicada está aínda por resolverse.

18. Os terapeutas posmodernos co-constrúen os problemas negociándoos cos seus clientes, pero seguindo a súa propia lóxica constructivista, os terapeutas posmodernos enxendran suxeitos posmodernos con síntomas posmodernos á súa imaxe e semellanza.

A terapia familiar, polo menos en USA, advirten os autores da Historia da Terapia Familiar, estase convertendo nunha especie de asistencia social de alto nivel: *Nos Estados Unidos a terapia familiar está xa lonxe das súas raíces psiquiá-*

³⁹ Bertrando; Toffanetti (o.c).

⁴⁰ Lipovetsky, G.; Charles, S. *Les temps hypermodernes* Grasset. 2004.

*tricas e case se identifica coa consultoría matrimonial e de parella. Carol Anderson, creadora do termo Psicoeducación, ao facerse cargo da revista *Family Process* estableceu os límites da terapia familiar que segundo o seu editorial, debería atender á comprensión dos elementos cruciais dun bo matrimonio, a paternidade competente, a resolución de problemas ou ao uso de conceptos sistémicos para cambiar as nosas propias familias, as redes de amigos, da comunidade ou as oscilacións e políticas a fin de preservar e incentivar a capacidade de recuperación das familias⁴¹. Quizais un parágrafo como o que segue, no que se ten certa dificultade en recoñecer se se trata de consellos para vendedores de seguros ou lavadoras poida axudar a ilustrar esta tendencia: *Hai que crear un clima no que os clientes teñan a experiencia de seren oídos, de que se entenden os seus sentimentos e os seus puntos de vista, de sentirse convalidados e aceptados. Iso implica un esforzo por comprender o punto de vista do cliente... ao mesmo tempo isto non implica unha aceptación ou confirmación das premisas do cliente, senón máis ben unha forma de indagación interesada que abre as premisas á exploración...* (Anderson; Goolishian).*

Sen dúbida estes suxeitos posmodernos que coleccionan divorcios, manteñen esas formas posmodernas de *relacións afectivas fixas discontinuas* (Gergen), que forman fogares provisionais nos que conviven fillos de diferentes pais e nais (véxase o éxito de «Los Serrano»⁴² en España), presentan problemas especiais que necesitan terapeutas que non prescriban nin esixan renuncias ou invoquen principios inmutables aos que hai que someterse que carecen de utilidade en tempos laborais afectivos e familiares inestables e cambiantes, pero ao seu lado permanecen grupos sociais nos que os sufrimentos son outros, antigos ou non, que non son posmodernos. Linares, que considera que algúns aspectos do posmodernismo na terapia familiar seguirán sendo de utilidade, advirte que hai que ter en conta os factores biolóxicos sobre todo nas psicoses e outros trastornos severos, así como as emocións. As terapias posmodernas separáronse da ampla corrente das neurociencias e iso terá o seu prezo no futuro ou xa no presente. A narrativa dun psicópata, sen culpa nin emocións, a dun paciente cun Korsakow post-traumático confabulatoria, non poden entenderse

⁴¹ Citado en Bertrando e Toffanetti, opus citado, páx 332.

⁴² Nesta serie onde conviven nun segundo matrimonio os fillos anteriores da parella, o pai horrorízase ante o amor «incestuoso» que seu fillo sente pola filla da súa muller. A pesar de non existir consanguinidade ningunha entre ambos é a falta de significante, de nome, que desgrane esa insólita relación postmoderna o que provoca o problema. Este sería o campo dos terapeutas posmodernos. O problema é que existen outros moitos campos e non precisamente posmodernos.

se non temos en consideración as alteracións do lóbulo frontal ou do seu sistema límbico. A capacidade de narrar esixe a integridade de toda unha serie de sistemas cerebrais que non poden ser ignorados.

19. A culpa e a disciplina, escribe Ehrenberg, desapareceron, pero as dificultades de vivir incrementáronse. A depresión é o prezo desta transformación da sociedade que agora establece os seus fundamentos sobre a iniciativa, a responsabilidade e as aptitudes, e que substituíu os seus antigos e escasos puntos de referencia por unha multiplicidade referencial na que hai que escoller. Esta evolución non foi tan negativa como pretenden algúns comentaristas, senón positiva en non poucos aspectos. Pero as cousas non son tan sinxelas e adoitan ter un prezo. Moitos dos expertos tradicionais, os sacerdotes, por exemplo, perderon o seu papel e a súa influencia, pero esquecese a advertencia de Jung de que a relixión só pode ser substituída pola relixión. Todos os conflitos, penas e malestares do vivir que antes eran asunto de sacerdotes secularizáronse e as diversas terapias posmodernas que intentan acollelos parécense cada día máis a unha especie de curso de cristiandade laicos tecnificados onde a sanción, o perdón e a penitencia foron substituídos polos diferentes e democráticos co-. De feito, os cursos de terapia familiar acollen cada día máis a estes profesionais ou a relixiosos en busca de mellorar as súas «técnicas» e o *inmenso mercado do equilibrio interior* e a cultura do *malestar íntimo*⁴³ reclutan á súa cada vez máis numerosa clientela que acode a toda sorte de sesións ou grupos de encontro, desde a New Age ata a inacabable sucesión de técnicas máis ou menos esotéricas ou enerxéticas que prometen o alivio desa identidade sufrinte e desfalecente que non sabe cal é o seu rumbo existencial e busca, como di Lipovetsky, relixións á carta. Non sei se as terapias posmodernas son o lado laico, útil e razoable destas búsquedas...

A verdade, se iso existe, é fuxidía e somos moitos os que polo momento estamos un tanto co-irritados, co-perplexos, co-desorientados.

⁴³ Ehremberg, A.; Lovell, A. *La maladie mental en mutation*. Odile Jacob. 2001.

PD. Non estou moi seguro se a autoría destas notas pertence a esa pauta de relacións sociais que algúns, para entenderse, chama Santiago Lamas nin tampouco de se posúen algún valor. Digamos que se trata dunha versión un pouco irritada produto dun dispositivo dialogal e intertextual con algúns textos de «ignorantes» e algunhas correlacións con pacientes expertos. Pode deconstruírse facilmente. Axudará á tarefa deconstructiva as obxeccións que seguen a este comentario.

Bibliografía consultada

- BARTHES, R. *El susurro del lenguaje*. Paidós. 1987.
- BARTHES, R. *El grano de la voz*. Siglo XXI. 1983.
- BERTRANDO, P.; TOFFANETTI, D. *Historia de la Terapia Familiar*. Paidós. 2004.
- BRUCKNER, P. *Miseria de la prosperidad*. Tusquets. 2003.
- CADE, B.; O HANLON, W. H. *Guía breve de terapia breve*. Paidós. 1995.
- CARRETER, L.; CORREA CALDERÓN. *Como se comenta un texto literario*. Cátedra. 1990.
- CONNOR, S. *Postmodernist Culture*. Basil Blackwell. 1989.
- CROSSLEY, M. L. *Introducing narrative psychology*. Open University Press. 2000.
- DEJOURS, CH. *Souffrance en France. La banalisation de l'injustice social*. Points.Seuil. 1998.
- ECO, U. *Interpretación y sobreinterpretación*. Cambridge University Press (España). 1997.
- EHRENBERG, A.; LOVELL, A. M. *La maladie mentale en mutation*. Odile Jacob. 2001.
- EHREMBERG, A. *La fatigue d'être soi. Dépression et société*. Odile Jacob. 2000.
- ESTEBANEZ CALDERÓN, D. *Diccionario de términos literarios*. Alianza. 1999.
- FEIXAS, G; VILLEGAS, M. *Constructivismo y Psicoterapia*. Desclée. 2000.
- FERNÁNDEZ ARMESTO, F. *Historia de la Verdad*. Herder. 1997.
- FERNANDEZ LIRIA; RODRIGUEZ VEGA. *La práctica de la Psicoterapia: la construcción de narrativas terapéuticas*. Desclée. 2001.
- FINKIELKRAUT, A. *L'imparfait du present*. Gallimard. 2002.
- FOUCAULT, M. *Vigilar y castigar*. Siglo XXI. 1976.
- FRIEDMAN, S. (Comp). *El nuevo lenguaje del cambio*. Gedisa. 1993.
- GERGEN, K. *El Yo saturado*. Paidós. 1991.
- GONÇALVES, O. F. «El estado de la cuestión en la psicoterapia cognitivo-narrativa». En: *Manual de Psicoterapias Cognitivas*. Paidós. 1997.
- GONÇALVES, O. F. «El proceso terapeutico en la psicoterapia cognitivo-narrativa». En: *Manual de Psicoterapias Cognitivas*. Paidós. 1997.

- HARRIS, M. *Postmodernismo*. En *Teorías sobre la cultura en la era postmoderna*. Crítica. 2000.
- KUZNAR, L. *Reclaiming a scientific anthropology*. Walnut Creek. California. Altamira. 1997.
- LAMAS CREGO, S. «Hazer y de Shazer»: constructivismo y deconstrucción. A propósito de algunos movimientos en la Terapia Familiar». *Siso-Saúde*. Nº 19. 1992.
- LAMAS CREGO, S. «El psiquiatra como novelista y el novelista como psiquiatra». *Siso-Saúde*. Nº 11. 1986.
- LINARES, J. L. *Identidad y Narrativa*. Paidós. 1996.
- LINARES, J. L. «¿Acaba la historia en el postmodernismo? Hacia una terapia familiar ultramoderna». En *Redes*. N11. 2003.
- LIPOVETSKY, G. *Metamorfosis de la cultura liberal*. Anagrama. 2003.
- LIPOVETSKY, G. *El crepúsculo del deber*. Anagrama. 1992.
- LYOTRAD, J. F. *La postmodernidad*. Gedisa. 1986.
- LYOTRAD, J. F. *La condición postmoderna*. Catedra. 1984.
- MARINA, J. A. *Teoría de la inteligencia creadora*. Anagrama. 1993.
- MARINA, J. A. *El misterio de la voluntad perdida*. Anagrama. 1997.
- MARINA, J. A. *La selva del lenguaje*. Anagrama. 1998.
- MARINA, J. A. *Crónicas de la Ultramodernidad*. Anagrama. 2000.
- MARINA, J. A. «Después del modernismo... el ultramodernismo». En *Redes*. Nº 11. 2003.
- MATURANA, H. *El árbol del conocimiento*. Debate. 1990.
- MATURANA, H. *El sentido de lo humano*. Hachette Comunicación. Chile. 1991.
- MATURANA, H. *Emociones y lenguaje en educación y política*. Hachette Comunicación. Chile. 1990.
- MCMAMEE, S.; GERGEN, K. J. *La terapia como construcción social*. Paidós. 1996.
- NAVARRO GÓNGORA, J.; BAYEBACH, M. *Avances en terapia familiar sistémica*. Paidós. 1995.
- PAYNE, M. *Terapia Narrativa*. Paidós. 2000.
- PEREZ-SALES, P. *Trauma y Resistencia*. Publicaciones Pfizer. 2004.
- PICO, J. (Comp). *Modernidad y Postmodernismo*. Alianza. 1988.
- POLKINGHORNE, D. E. *Narrative Knowing and the human sciences*. State University of New York Press. 1988.
- RAMOS, R. *Narrativas contadas, narraciones vividas*. Paidós. 2001.
- RAMOS GARCÍA, J. *Fibromialgia: ¿la Histeria en el capitalismo de ficción?*. Revista de la AEN. Enero/Marzo. 2004.
- ROBERTS, G. AND HOLMES, J. (Eds). *Healing Stories. Narrative in Psychiatry and Psychotherapy*. Oxford University Press. 1999.
- SARBIN, T. R. *Narrative Psychology: the storied nature of human conduct*. Praeger. 1986.
- SCHWANITZ, D. *La Cultura*. Taurus. 2002.
- SHAZER, S. *En un origen las palabras eran magia*. Gedisa. 1999.

- SHAZER, S.; BERG, K. *Haciendo terapia: una revisión post-estructural*. En Cuadernos de Terapia Familiar. Nº 18. 1991.
- SHOTTER, J.; GERGEN, K. J. *Texts of Identity*. Sage Publications. 1989.
- TODOROV, T. *Os géneros do discurso*. Edições 70. 1978.
- VARELA, F.; THOMPSON, E; ROSCH, E. *De cuerpo presente*. Gedisa. 1992.
- WHITE, M; EPSTON, D. *Medios narrativos para fines terapéuticos*. Paidós. 1993.
- WILSON, E. O. *Consiliencie*. Círculo de lectores.

Estimada pauta de relaciones que algunos llaman Santiago Lamas:

Algunhas obxeccións

J. Javier González Hermida

Acabo de ler o seu artigo sobre o estado da cuestión das terapias denominadas posmodernas e coincido na súa crítica dos excesos que se comenten en nome do constructivismo, pero con algunhas obxeccións.

A primeira obxección é unha pregunta: Que diferenza a un bo neurólogo dun bo psiquiatra?

A segunda obxección tamén é unha pregunta: Que debe facer un terapeuta se á súa consulta acode unha persoa anciá e relata que ultimamente *non dorme ben e está algo aburrida*, ou se nos di que tivo un *susto*?

Terceira obxección. Aínda que o seu texto perfila as diferenzas entre os diferentes tipos de constructivismo, parece que a súa crítica se centra no constructivismo radical. Os argumentos son contundentes e apóios totalmente. Podemos defender a interpretabilidade dun suceso pero non xustificar que todas as visións posibles vailan o mesmo. Comparto a cita de Eco. De todas formas, os constructivistas críticos non negan a existencia da realidade. A súa crítica enfócase á pretensión modernista de obter un coñecemento (obxectivo) á marxe do suxeito que percibe. Deste xeito, o coñecemento construírase a través da dualidade suxeito-obxecto, estando mediada tanto polo medio como polos procesos e estruturas que a persoa xerou durante o seu desenvolvemento evolutivo. Así négase a existencia dunha verdade obxectiva, pero evitando os excesos do constructivismo radical mediante conceptos como veracidade, verosimilitude e validez pragmática. Ante un acontecemento ou nunha situación determinada poden xerarse moitas interpretacións, como diría Korzybsky⁴⁴, moitos mapas, pero uns han de ser considerados máis exactos ou máis pragmáticos que outros, o que resulta máis razoable e permítenos manter diferentes aproximacións conceptuais. Defender posturas obsolutistas obrigaríanos a explicar como tres terapeutas de diferentes escolas, digamos un sistémico, un psicodinámico e un terapeuta de conducta poidan defender conceptualizacións tan dispares dun mesmo caso clínico. Se só existise unha verdade, un só mapa verdadeiro, dous deles estarían errados nos seus supostos. Pode que isto sexa certo, pero de momento estas tres correntes gozan de moitos adeptos entre os clínicos e impártense nas facultades de Psicoloxía, o que nos indica que tanto

⁴⁴ Korzybski, A. (1933): *Science and sanity*. International non-aristotelian publishing corporation, Washington.

decanos como xefes de servizo asumen, aínda que sexa implicitamente, posturas posmodernas. Mentres manteñamos esta situación, unha razón non moi académica pero si pragmática para defender un posmodernismo brando sería que a complexidade da conducta humana require diferentes niveis de explicación, o que nos permitiría salvar a cara diante dos nosos (científico-modernistas) colegas de outras especialidades e defender a nosa Torre de Babel.

Cuarta obxección. En psicoloxía os intentos de crear macroteorías ou metateorías que expliquen a totalidade da conducta humana quedou atrás. Agora recorremos a modelos de alcance limitado. Así temos a teoría cognitiva que na súa versión clínica necesita axustes cada vez que saímos do seu ámbito inicial de aplicación. Por iso, a partir da súa terapia cognitiva da depresión⁴⁵, Beck introduciu modificacións ao aplicala a cadros de ansiedade e, sobre todo, aos trastornos de personalidade⁴⁶. Neste último caso incluso utilizando técnicas que parecen contradicir postulados básicos, como o de tratarse dunha teoría centrada no aquí e agora. As teorías narrativas buscan dar resposta a como damos sentido á nosa experiencia, pero non coseguen abranguer a complexidade da conducta humana. Partindo dunha perspectiva neuropsicolóxica podemos diferenciar varios tipos de resposta: os actos reflexos, as respostas controladas polo sistema límbico e as respostas corticais. Simplificando (moito) o modelo, se estamos durmindo e comeza a arder a cama, cando o lume chegue ata nosoutros e nos queime, a primeira resposta sería a de apartar o brazo ou a perna (acto reflexo), a segunda, escapar do lume (sistema límbico) e nun terceiro momento as estruturais corticais permitiríannos dar significado ao que está ocorrendo e valorar as súas consecuencias. A maior parte das teorías cognitivas e narrativas centraríanse en explicar o que ocorre no terceiro momento. Así ante unha fobia, unha terapia cognitiva sen exposición que desactive ou extinga a resposta límbica ve seriamente comprometida a súa eficacia. Na maioría dos casos a persoa sabe que non hai perigo, pero necesita descondicionar a resposta de escape/evitación. Que Derrida escape ante a presenza dun oso é unha crítica ao constructivismo radical, pero na miña opinión non invalida as teorías narrativas brandas, só restrinxe a súa utilidade para explicar fenómenos de construción de significados, digamos corticais. Isto aplicaríase a outras teorías.

Quinta obxección. No constructivismo radical parece que todo vale. Calquera teoría é, con algunhas restriccións, igual de válida que outra. Este pos-

⁴⁵ Beck, A. T., Rush, A. J., Shaw, B. F., & Emery, G. (1979). *Terapia cognitiva de la Depresión*. Ed. Desclee de Brouwer. Bilbao.

⁴⁶ Beck, A. T., Freeman, A. (1992): *Terapia cognitiva de los trastornos de personalidad*. Ed. Paidós. Barcelona.

tulado é perigoso xa que sitúa no mesmo plano a modelos que aportan unha ampla evidencia tanto nos seus postulados teóricos como a nivel pragmático e aos que non o fan, relativizando a necesidade de coñecer e manexar os coñecementos que conforman a nosa disciplina. Isto permite a autores como Payne⁴⁷ argumentar que non posuír formación regrada en psicoloxía ou en psiquiatría resultou positivo para o seu desempeño como terapeutas. Así, a psicopatoloxía, la neuropsicoloxía, la psicoloxía cognitiva, o psicodiagnóstico, etc., deberían ser consideradas un lastre. Preocúpanme as teorías que desprezan o corpo de coñecemento científico, pero este non é o caso da maioría de teorías posmodernas, xa que se asentán sobre unha base conceptual sólida⁴⁸ e como nos mostra Caro na súa interesante obra⁴⁹, evolucionan a partir de outros modelos integrando aspectos conceptuais e técnicos. Non debemos caer nun inmovilismo que nos leve a rexeitar sistematicamente teorías que, desafiando os postulados dominantes, loitan por explicar aspectos da conducta humana non ben resueltos aínda. Lembremos a investigadores como Tolman⁵⁰, Bruner⁵¹ o Miller⁵² entre moitos outros, que en pleno conductismo recuperaron para a psicoloxía científica conceptos como expectativas, esquemas ou significados, permitindo superar as limitacións impostas pola férrea disciplina metodolóxica e conceptual imperante e abrindo unha vía que permitiu o desenvolvemento da psicoloxía cognitiva. A ciencia non é estática, avanza e evoluciona.

Sexta obxección. O modernismo, a través do positivismo, aspira acadar a verdade, o coñecemento obxectivo. No entanto, moitas voces autorizadas⁵³ cren que só nos podemos aproximar a el, sen acadalo totalmente. Este argumento foi utilizado desde o constructivismo radical para socavar a autoridade dos postulados positivistas. Deixando á marxe discusións propias da Filosofía da Ciencia, non debemos esquecer que a ciencia cumpre unha función e desde

⁴⁷ Payne, M. (2001). *Terapia narrativa: una introducción para profesionales*. Ed. Paidós. Barcelona.

⁴⁸ Feixas, G., y Villegas, M. (2000). *Constructivismo y Psicoterapia*. Ed. Desclee de Brouwer. Bilbao.

⁴⁹ Caro, I. (comp.) (1997). *Manual de psicoterapias cognitivas*. Ed. Paidós. Barcelona

⁵⁰ Tolman, E. C. (1932): *Purposive behavior in animals and men*. Applenton-Century-Crofts. New York.

⁵¹ Bruner, J. (1990): *Actos de significado. Más allá de la revolución cognitiva*. Ed. Alianza. Madrid.

⁵² Miller, G. A., Galanter, E., y Pribram, K. H. (1960): *Plans and the Structure of Behavior*. Holt, Rinehart and Winston, Inc. Ed. Española (1983): *Planes y Estructura de la Conducta*. Ed. Debate, S.A. Madrid.

⁵³ Heisemberg, Maturana, etc.

logo o método hipotético-deductivo superou claramente aos modelos inductivos ou unicamente deductivos en canto á cantidade e calidade de coñecemento xerado. Así e mentres a Psicoloxía sexa unha ciencia aplicada, ademais de validez epistemolóxica as terapias deben demostrar validez empírica. Para evitar que se defendan posturas de *café para todos*, a División 12 de la APA creou unha comisión encargada de revisar a evidencia empírica que existe sobre a efectividade das terapias psicolóxicas. Chambless e outros autores⁵⁴ elaboraron informes segundo os cales a evidencia xoga a favor do modernismo, aínda que paradoxalmente moitos dos grandes popes racionalistas nos seus últimos artigos se definen, en maior ou menor medida como constructivistas (Mahoney⁵⁵, Meichenbaum⁵⁶, Ellis⁵⁷, etc). No entanto, a efectividade obtida nalgunhas áreas como nos trastornos de personalidade é reducida. Con excepcións como a heterodoxa terapia de Linehan⁵⁸, os modelos actuais parecen insuficientes para a explicación e abordaxe destes fenómenos psicopatolóxicos, o que nos invita a pensar que son necesarias novas propostas terapéuticas que integren coherentemente constructos como os patróns de apego, o traballo con emocións ou o uso de metáforas, e que brinden unha maior importancia á relación terapéutica. Non se trata de derrubar o xa construído nin de negar a efectividade dos modelos racionalistas en certos ámbitos, se non de aceptar marcos teóricos integradores que nos permitan superar as limitacións actuais. Así nos últimos anos surxiron interesantes alternativas terapéuticas que ademais de apoiarse en sólidos fundamentos teóricos han demostrar empíricamente a súa efectividade para seren aceptadas.

Sétima obxección. Desde posicións racionalistas desvalorizouse durante demasiado tempo a importancia da relación terapéutica para centrarse no poder

⁵⁴ Chambless, D. L., Sanderson, W. C., Shoham, V., Johnson, S. B., Pope, K. S., Crits-Christoph, P., Baker, M. J., Johnson, B., Woody, S. R., Sue, S., Beutler, L. E., Williams, D. A., & McCurry, S. (1996): An update on empirically validated therapies. *Clinical Psychologist*.

Chambless, D.L. y Ollendick, T.H. (2001): Empirically supported psychological interventions: controversies and evidence. *Annual Review of Psychology*

⁵⁵ Neimeyer, R. y Mahoney, M. (1995): *Constructivismo en psicoterapia*. Ed. Paidós. Barcelona.

⁵⁶ Meichenbaum, D. (1998). A conversation with Joseph Volpe for a «Trauma Response Profile» for The American Academy of Experts in Traumatic Stress, Inc.
<http://www.aaets.org/arts/art39.htm>

⁵⁷ Ellis, A. (1997): Estado de la cuestión en la terapia racional-emotiva-conductual. En Caro: *Manual de psicoterapias cognitivas*. Ed. Paidós. Barcelona.

⁵⁸ Linehan, M. (2003): *Manual de tratamiento de los trastornos de personalidad límite*. Ed. Paidós. Barcelona.

da técnica, o que ten sido un lastre do que aínda nos estamos recuperando. As aproximacións narrativas lémbrennos con máis énfase que outros enfoques, que a técnica hai que adecuala á visión do mundo do paciente e prevéñennos contra erros como dar unha interpretación científicista prematura ao paciente sobre os seus síntomas (pecado que cometemos con máis frecuencia da desexada). Piaget explicounos cómo asimilamos da realidade en función dos nosos esquemas, que cando son insuficientes han de ser acomodados para dar conta da experiencia. Se creamos unha tensión excesiva entre a visión do mundo que trae o paciente e a que lle propoñemos, excederá a súa capacidade de acomodación e romperase a comunicación (relación terapéutica). Sería útil explicarlle directamente a ese ancián do rural que o *aburrimiento* que refire en realidade chámase “anhedonia” e forma parte dun cadro depresivo provocado por un déficit serotoninérxico? Atacar posturas posmodernas pode traer como resultado un obxectivismo racional que nos privará de estratexias de intervención, condenándonos a terapias de manual. Sen pretender realizar unha defensa a ultranza de métodos de intervención *folk*, comparto a recomendación que vos tede lles dá aos seus residentes segundo a cal, para traballar con pacientes do rural galego, debemos complementar o noso arsenal terapéutico alternando a Beck con Cunqueiro⁵⁹.

Outra obxección ten que ver coa postura de igualdade vs. autoridade que debe adoptar o terapeuta. Esta non é exclusiva de posturas posmodernas. Os terapeutas conductuais defenden un empirismo colaborador que tamén rebaixa a súa autoridade, aínda que por outros motivos. Na miña opinión, unha postura menos autoritaria pode ser perfectamente defendible e coherente con certas formas de traballar, recoñecendo que levada ao extremo suporía desprezar unha importante arma terapéutica. Naturalmente, non defiendo relegar ao terapeuta á postura de experto conversacional (termo pouco afortunado que me lembra eses tertuliáns que, malia a súa pobre bagaxe intelectual, conseguen ser incluídos en debates sobre calquera tema grazas á súa verborrea), pero si defender que, en numerosas ocasións, se poden manexar *resistencias* adoptando posturas menos arrogantes.

Como conclusión debo reiterar que comparto plenamente a crítica que vos tede realiza ás inxenuas posturas do posmodernismo radical no que todo vale e que parecen máis axeitadas para acaloradas discusións dentro da Filosofía da Ciencia que para lidar a diario con patoloxía e obter resultados visibles e cuan-

⁵⁹ Cunqueiro, A. (1960): *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente*, editorial Galaxia, Vigo.

tificables. No entanto, a realidade na que nos movemos é moi complexa e ten moitos niveis de análise que aínda non puideron ser explicados por unha teoría única que nos obrigue a prescindir das demais. Ata que chegue ese ansiado momento, debemos permitir, e incluso aplaudir, os intentos de superación das actuais carencias malia se aparten da ortodoxia dominante, outorgándolles certo creto e emprazándoos a que, tras un período de tempo razoable, demostren a súa contribución ao desenvolvemento da nosa disciplina.

Trastornos de posmodernidade



Luis Ferrer i Balsebre

Médico Psiquiatra. Psicoterapeuta

Non é a miña intención no presente artigo facer unha revisión clínica dos chamados Trastornos de Personalidade; senón, máis ben, ofrecer un colage de conceptos e reflexións propias e alleas cos que poder relacionar ditos trastornos co contexto posmoderno.

Posmodernidade e Trastornos de personalidade (TP): Historia e evolución de dous conceptos borrosos

1. *O termo Posmodernidade* é ambiguo e borroso, hai quen o equipara co existencialismo, outros con modernidade serodía, outros négano. En calquera caso non se pode falar de posmodernidade sen definir antes en qué consiste a modernidade. A Modernidade é un conxunto de formas simbólicas que se encarnan en Europa a partir do Renacemento e que comezan a debilitarse coa morte de Nietzsche en 1900. A modernidade abrangue desde o século XV ata finais do XIX; nela destacan dous períodos especiais: o Renacemento, no que se revive a tradición grecorromana poñendo ao Home como valor fundamental, e a Ilustración –seguida da Revolución francesa, a Revolución industrial e o Positivismo– co valor da Razón por bandeira.

Pouco e pouco este espírito vai ir alterándose tal como apuntan os Kafka, Musil, Valéry, Simone Weil, Hana Harendt e incluso o Freud do *Malestar da Cultura* ou o Husserl da *Crise das ciencias europeas*. A eles súmanse Spengler, Jünger, Lukács, Adorno, Marcuse, Foucault e Habermas.

Europa vai deixando de ser moderna e transita cara á posmodernidade, triunfan o capitalismo, o imperialismo, a globalización, os antagonismos (nazi e comunista), a exterminación de masas, dúas guerras mundiais, triunfa o consumismo, a produción, o ocio, a tecnoloxía...

A verdade acaba sendo o resultado dunha interpretación de interpretacións, perdendo consistencia. A razón disolveuse, a opinión pública sustitúe á vontade xeral de Rousseau; en lugar do pobo, atopamos as masas, en lugar do cidadán aparece o consumidor e o usuario.

A posmodernidade diferénciase da modernidade en que non acepta a existencia de realidade ningunha que se presente como absoluta, trátase de Deus, do Home, do Partido, ou da Razón. No posmoderno móvense deuses, ideoloxías, razóns intercambiáveis. O *Deus morreu*, de Nietzsche, constata que o Un, a Verdade e a Beleza foron imposturas.

O texto básico sobre o concepto de Posmodernidade é *La condition post-moderne* de Lyotard, texto surxido do encargo de redactar un informe sobre o estado do «Coñecemento Contemporáneo» polo consello universitario de Québec (1979). Para Lyotard, a chegada da posmodernidade estaba vinculada ao xurdimento dunha sociedade postindustrial, teorizada por Daniel Bell e Alain Tourain, na que o coñecemento se convertera na principal forza económica de produción, no fluxo que sobrepasaba aos estados nacionais, pero ao mesmo tempo perdera as súas lexitimacións tradicionais.

O trazo definitorio da condición posmoderna é, por contraste, a perda da credibilidade da Metanarrativas. Segundo Lyotard estas foran destruídas polo desenvolvemento inmanente das propias ciencias, por unha pluralización dos tipos de argumentación, pola proliferación do paradoxo e o paroloxismo, anticipada por Nietzsche, Wittgenstein e Levinas. (1)

Podemos distinguir tres fontes integrais do posmodernismo:

a) Postestructuralismo francés: corrente herdeira do Estructuralismo clásico francés de Sausure, Lévi-Strauss e Barthes. Esta corrente destaca catro aspectos fundamentais:

- A oposición de significantes.
- O carácter arbitrario do signo.
- O dominio do Todo sobre as partes.
- O descentramento do suxeito.

Foucault, como precursor, Deleuze, Lyotard, Braudillard e Derrida como os máis lúcidos representantes desta corrente remataron concluíndo co derrumbamento do racionalismo cartesiano, a autoconciencia hegeliana e o etnocentrismo liberal marxista. Tales achados fórono principalmente na antropoloxía (relativismo cultural); na Lingüística (Lyotard, Braudillard, Derrida) o recoñecemento e deconstrucción dos grandes relatos da nosa cultura; na Psicanálise (Lacan, Foucault) coa existencia do outro interno (a loucura, a sexualidade, a morte) o desexo freudiano como motivación da razón.

b) Nihilismo clásico Alemán: consistente nos discursos resignificados actualmente de Nietzsche, Heidegger e Schopenhauer

c) Vanguardismo estético: As cinco grandes escolas, simbolismo, expresionismo, futurismo, constructivismo e surrealismo, foron as que denunciaron, combatiron e prognosticaron a decadencia da modernidade, a representación e o formalismo fixérono cun discurso que se parece moito ao discurso posmodernista. De feito, sen reduccionismos, o posmodernismo non é máis que a crítica do vanguardismo estético a toda a sociedade.

O Posmoderno

A posmodernidade levántase contra o ideal da modernidade, o control total da natureza e da sociedade, reivindica a subxectividade. O cuestionamento da imposibilidade que ten a Razón para cubrir todos os campos do saber humano. Marca a fin dun saber enciclopédico. O rompemento en canto á noción de sociedade, coa totalidade hegeliana concibida como un sinfín de esferas dentro de esferas. Rexeitamento de lugares a priori e trascendentais. As teses do suxeito e da historia con finalidades cara a un progreso indefinido voan en anacos surxindo a proliferación de pensamentos antifundacionalistas. A ciencia xa non é máis un discurso que se autolexitima nun metarrelato. Hai no fondo un ataque á razón e ao proxecto de tipo social baseado nos grandes metarrelatos.

A posmodernidade é un termo borroso e polisémico. Fálanos dun fin da historia, tese que defende Fukuyama. A posmodernidade é unha época de nostalgia, de nihilismo, de crise de paradigmas, de pluralismo como episteme, do presente como intersección do pasado e futuro, do «instante sen espesor» que afirma Deleuze. (2)

A Filosofía da desesperanza

A filosofía da desesperanza non postula a fatalidade da modernidade e a boa nova da posmodernidade. Non toma bandeiras, evita as bandeiras. Xa non hai bandeiras.

Esta filosofía inscríbese nos solpores da modernidade e a posmodernidade; no derrube de todos os movementos vangardistas da arte e da literatura, da crise de expectativas político-sociais, na volta a movementos xa superados neocconservadores ou neorracionalistas, na caída en crenzas neoesotéricas, no desencantamento de todo desencantamento, na desesperanza. Cioran sería o seu mellor representante.

O termo posmodernidade nace do dominio da arte e é introducido no campo filosófico como antes sinalamos por Lyotard na súa obra *La Condición Postmoderna*. O termo difundíuse amplamente pero o seu uso indiscriminado ten levado a confusión. En realidade poden distinguirse tres actitudes posmodernas.

A primeira, a de aqueles que van á zaga da escola neomarxista de Frankfurt; os Habermas, Adorno, Eco etc... que critican a modernidade naquilo que lle faltou levar a cabo como proxecto moderno dos filósofos do Iluminismo. Nunha palabra, a súa crítica á modernidade radica en que non acabou o seu proxecto.

A segunda, é a de aqueles representantes do pensamento débil, os Lyotard, Scarpetta, Vattino, Lipovetsky etc... que defenden un posmodernismo inscrito na modernidade. É dicir que son os autores que na súa crítica á modernidade propoñen unha desesperanzada resignación. O seu mérito estriba na aguda descrición dunha realidade alienante que entorna ao home de hoxe, como o é o poder case omnímodo dos medios de comunicación coa súa capacidade de «dar sentido» ás cousas e noticias que valoradas e analizadas en se mesmas carecen de sentido. A obsesión polo novo, que o fai convertible co verdadeiro, o dominio da publicidade, que ao poñer o ser en venda confunde a existencia con mercadoría. A manipulación da natureza pola técnica, considerada falsamente como un instrumento con neutralidade ética.

A terceira actitude é a de aqueles pensadores como Steuckers, Fernández de la Mora, Ricoeur, Locchi e outros que someten a crítica á modernidade cun rexeitamento da mesma. Se ben este posmodernismo presenta algunhas variantes nietzchianas e neo-pagás, caracterízase por unha búsqueda e defensa insubornable da identidade dos homes e dos pobos. Unha crítica enxundiosa ao mundialismo e ao proxecto político do atlantismo.

Basicamente podemos dicir que a crítica á modernidade que efectúa o posmodernismo, está dirixida aos relatos ou discursos que con pretensión de universalidade elaborou aquela. Destes grandes relatos da modernidade, seis son os máis significativos: A idea de progreso indefinido, o poder omnímodo da razón, a democracia como forma de vida, a subxectivización do cristianismo, o afán de lucro e a manipulación da natureza pola técnica.

Así, ao progreso indefinido das ciencias físico-naturais detívoo a creba da física clásica por parte de Einstein, Plank e Heisenberg. Así como a falta dun acorde progreso moral, por non falar mellor de retroceso do hombre contemporáneo.

Ao poder omnímodo da razón crebóuno non só o descubrimento do Inconsciente (Freud) senón a función desenmascaradora do irracional (Nietzsche) e a captación emocional dos valores (Scheeler).

Á democracia como forma de vida, frustrouna non só o fracaso dos gobernos socialdemócratas senón ademais a afirmación de outras posibilidades de organización política, fóra do marco liberal (Marx e Kadaffi). E nos nosos días, a loita dos pobos (croatas a kurdos) seguindo os seus ideais nacionalistas para seguir existindo na historia.

Á subxectivización do cristianismo, a opción preferencial polos pobres da igrexa católica que supera o ámbito individual para insertarse no dominio social. A mensaxe, en última instancia iluminista, da teoloxía da liberación, está sendo reemprazada hoxe pola teoloxía do marxinal en Hispanoamérica. Desde o campo filosófico, a consolidación definitiva da fenomenoloxía e o seu lema ir ás cousas mesmas rematou co psicoloxismo subxectivista.

Concluamos resumindo que o que morre coa posmodernidade é o Absoluto, (sexa Deus, Natureza, Home, Razón...) e a Autoridade. Elemento este o da Autoridade, a Lei, que quero subliñar á hora de analizar os chamados Trastornos de Personalidade (TP) como máis adiante veremos.

2. Trastornos de Personalidade

Co advenimento da DSM III en 1980, rómpese coa tradición anterior dos tres grandes modelos psiquiátricos: o nosolóxico de Kraepelin, o fenomenolóxico de Jaspers e a Psicoanálise de Freud. Este detalle que ben sinala Millon na súa obra Trastornos de Personalidade: máis allá do DSMIV (1998) fixo que no estudo actual dos Trastornos de Personalidade se dea unha práctica ausencia de fundamentos históricos.

Nunha primeira impresión, poderíamos falar das DSM como a icona psiquiátrica do saber posmoderno, fuxido de grandes epistemoloxías e grandes autores.

No tocante aos TP ,aínda a pesar de que autores do século XVII (Rush, Pínel ou Prichard) ou posteriores como Feuchtersleben (1847), Koch (1891) ou Kraepelin (1904) utilizaron termos semellantes para definir o que tradicionalmente se chamara Psicopatía, foi Kurt Schneider, coa súa formulación das «Per-

sonalidades Psicopáticas» (1923) quen estendeu o termo na Psiquiatría durante todo o século.

Schneider considera a Psicopatía esencialmente como unha anomalía da personalidade ou do carácter, pero destaca que o concepto é máis estatístico que clínico, é dicir, trátase da descrición de personalidades que están «aloxadas» da norma, da media da poboación. O termo Psicópata estrutúrase, pois, como unha desviación da norma, entendéndose que tan psicópata é o violador do ascensor como Einstein, en canto que ambos suxeitos se alonxa da norma social. Co tempo e a descrición dos diferentes tipos elaborada por Schneider, o termo quedou fixado máis para aquelas personalidades que se desviaban cara ao lado máis escuro desa «normalidade».

En 1952, o DSM II substituíu o termo Personalidades psicopáticas polo de Trastornos da Personalidade Sociopáticos, pero aclarando que se trataba de: «... *enfermos caracterizados principalmente en termos da sociedade e disconformidade respecto ao medio cultural prevalente*».

Millon, que participa nas edicións das DSM III-R e DSM IV, matiza os límites dos TP intentando desligar a noción de estes de calquera consideración pexorativa e moral.

Aínda que o concepto de TP actual non difiere excesivamente do de Schneider, non se alonxa demasiado na medida en que o esencial neste autor é, segundo D. Barcia Salorio: a) A Psicopatía non é unha enfermidade senón unha anomalía; b) a anormalidade afecta esencialmente ás características da personalidade; e c) ten unha clara proxección social, por tanto referida a conductas cos demais. (4)

Millon (5) abonda nesta opinión destacando que: a) «os TP non son entidades médicas», por tanto, non son enfermidades; b) trátase de individuos «curiosos», por tanto con anomalías da personalidade; c) «unha maneira deficiente de portarse e relacionarse cos demais», é dicir con clara conflictividade social.

A esta singularidade dos TP con relación ao resto dos trastornos mentais cabería engadir as que sinala A. Seva con respecto á súa clasificación (4): Os grupos diagnósticos que compoñen as modernas clasificacións dos agora chamados TP curiosamente adoecen dunha combinación de criterios que proceden de orixes ben diversas. Os criterios que definen unha personalidade antisocial proceden de estudos de seguimento realizados desde a infancia ao período adulto; os definatorios de TP Borderline e narcisística derivan das aportacións psicodinámicas e da experiencia habida no transcurso da psicoterapia, especialmente das teorías de relación obxectual; os chamados TP esquizoide e anancástico derivan das aportacións fenomenolóxicas europeas; o chamado TP por evitación

procede da psicoloxía académica; e, en fin, o TP esquizotípico procede dos estudos que sobre a esquizofrenia realizaron autores daneses utilizando a adopción de xémeos como método de análise, combinado isto con aportacións psicanalíticas.

Todo isto explica a gran dificultade existente para enfocar diagnósticos seguros no campo dos TP, xunto coa saída que ás veces se dá a estes problemas co recurso fácil da «comorbilidade».

En resumo, queremos sinalar a borrosidade e fragilidade das actuais clasificacións diagnósticas (DSM IV e CIE-10) ao respecto do que nos ocupa. Nelas prevalece o clasificatorio sobre o diagnóstico, lembrando moitas veces a famosa clasificación borgiana dos animais do emperador, e prevalecendo o descritivo sobre o etiolóxico. «*A clasificación ordena, pero nada di do ordenado*», coa aparición da DSM-III «*remedicalízase a psiquiatría, quedando selada a xeometrización do sufrimento humano que a técnica moderna impón aos valores da nosa cultura*» (Vidal, 1997 citado por Seva). Cita que presenta unha lucidez especial cando de TP se trata.

A Posmodernidade e os seus Trastornos

Aínda con toda a borrosidade dos conceptos que nos ocupan, se aceptamos que existe unha época posmoderna e que existen Trastornos de Personalidad (coa variedade que queiramos distinguir e/ou definir), debemos admitir que estamos nunha época de tránsito entre a chamada Modernidade e a Posmodernidade e, polo tanto, de cambio, de «crise». Como en toda crise, gatillaranse mecanismos de adaptación buscando unhas veces unha morfofostase a través de mecanismos autorreguladores de tipo negativo e outras, mecanismos morfopoiéticos de tipo positivo encamiñados ao cambio de estabilidade no sistema. Nestes xogos adaptativos de equilibrios dinámicos dentro dos sistemas vivos sempre hai «baixas», «ruído», extincións, etc... que no noso campo de estudo se expresan baixo a aparición de novas patoloxías, variacións ectópicas de outras xa coñecidas, ou aumento de prevalencia de algúns cadros ata agora de escasa significación social.

Falaba hai pouco cuns colegas recién xubilados que comentaban estas opinións e confirmábanme, tras case seis décadas de exercicio do oficio, que a patoloxía que eles atendían era uniforme, de fácil taxonomía e filiación pero que, a partir dos oitenta, o perfil dos pacientes comezou a cambiar ata o punto de resultar en ocasións inclasificables. (Rendueles falaba de OPNIS: «Obxectos Psiquiátricos Non Identificados») Cambiou o perfil do alcohólico, do toxicómano, do neurótico, do psicótico, dos Trastornos Adaptativos e, sobre todo, disparáronse os diagnósticos de Trastorno de Personalidade. A pregunta é: Ten

algo que ver o advenimento da chamada Posmodernidade en todos estes cambios? Ensaiaremos algunhas reflexións ao respecto.

Así como o home Moderno vivía segundo un discurso racional sobre o mundo e en termos dunha Verdade única e absoluta; unha vez perdida a súa confianza en calquera tipo de metanarración, vive en medio dunha pluralidade de narracións relativas ou de verdades proclamadas sen certeza nos diversos contextos do saber. Desta maneira, non só carece dunha única verdade, senón que a idea mesma de verdade perdeu para el todo sentido. É dicir entrou en crise non só aquela razón que se arrogara o dereito e a tarefa de dar fundamento a todos os valores, senón a razón como tal, con todas as súas capacidades. A partir deste momento, o home posmoderno terá que buscar a súa propia mística, a súa propia razón e a súa propia verdade. Isto pode ser alentador nalgúns aspectos como a liberdade e evolución civilizada do home, pero noutros resulta máis complexo. A posibilidade dunha elección individual de valores ante a ausencia de Valores socialmente predefinidos, implica unha elección narcisista que en ocasións choca frontalmente coas do outro complexizando as relacións sociais e determinando a proliferación de individuos «curiosos» como sinala Millon, «anormais» como definía Schneider e con Trastorno de Personalidade como diagnosticamos todos.

A educación do individuo na Posmodernidade ten algúns trazos que cabe destacar se se quere entender a eclosión e parte da etiopatoxenia actual dos TP que, a pesar da dificultade de estudo, os epidemiólogos sitúan entre un 5-15% da poboación sen distinción de sexos, é dicir, 5 a 10 veces máis frecuente que a Esquizofrenia e os Trastornos Afectivos e tan frecuentes como os Trastornos neuróticos. Tomarei para iso algunhas ideas expostas e compartidas por Manuel Fernández Blanco nun recente artigo e antigo cambio de impresións(4):

O ser humano necesita ser «educado» na medida en que o primario nel é o goce, non a civilización. É moi simple, para o cachorro humano moitas das cousas xulgadas polos adultos e a cultura, malas (como berrar, manchar ou pegar) son pracenteiras, en base a qué renunciaría a elas? Podemos pensar que pode facelo pola coerción do adulto, que non lle permite esas condutas, e isto é verdade. Pero a coerción física, material, só é eficaz en presenza do adulto. É dicir, nun primeiro momento, o neno só renuncia ao goce «inadecuado» en presenza do axente prohibidor. Só nun segundo momento, tal como o desenvolveu Freud, o neno interiorizará a prohibición, interiorizará os valores e ideais propostos, e daquela farase vixiar por si mesmo, pola súa conciencia moral. O operador lóxico que lle permite acceder a este segundo momento é o temor á perda do amor dos pais, é o «se fas iso non te imos querer», formulado así ou de outra maneira (canto menos explícita, máis eficaz). É polo temor á perda

do amor que o neno consente renunciar aos seus goces primarios, non civilizados. Tamén hai que dicir que o consentimento á educación, é dicir á renuncia ao goce, nunca é pleno, nunca total. Non todo pode ser educado, o que pon un límite ás utopías educativas de que unha educación diferente faría posible un home novo (non agresivo, por exemplo).

Partimos de que se educa sempre desde certa coerción para que o neno introxecte valores e ideais. Toda educación baséase na proposta de Ideais, aínda que só fora o de que é mellor adquirir coñecementos que non facelo. A posmodernidade sinala un contexto de crise de Ideais que aínda non foron substituídos por outros, desaparece o lugar mesmo dos valores e dos ideais, co seu carácter obrigante para o suxeito. A consecuencia desta desaparición das referencias é la sentenza de Nietzsche: «Non hai feitos só interpretacións».

Vemos como coa crise dos grandes sistemas de pensamento, dos grandes sistemas de ideais, dos grandes Nomes do Pai, advén unha crise ética. Isto leva a pensadores, como Vattimo, a propoñer un «pensamiento débil» como correlato lóxico da fin da metafísica. Desta maneira, todo sentido pasa a ser cuestión local. Se todo son interpretacións, non se pode afirmar que un sentido sexa mellor que outro. Ningunha ética é prevalente. A verdade, para o suxeito posmoderno, non existe.

O Ideal xa non cumpre unha función reguladora e isto ten consecuencias decisivas para a práctica educativa, baseada na transmisión de valores.

Fronte a isto, hai que reconsiderar a resposta institucional ao suxeito actual que, como ten sinalado Eric Laurent, só cre na particularidade da súa satisfacción, na súa personalidade. Son suxeitos moito máis refractarios á influencia e que só aceptan adorar o tótem de si mesmos.

Este é o home posmoderno, produto do matrimonio da ciencia e o mercado, da globalización, que trae consigo o individualismo máis feroz.

É o que avanza Francis Fukuyama nun artigo que foi publicado en Los Angeles Times: «O que as ciencias van realizar é a fin da humanidade. A fin da humanidade é o comezo de outra cousa».

A educación na posmodernidade está en crise porque ofrece ao suxeito unha resposta Universal, nun tempo en el que só cre en si mesmo. O que denominamos declive da función paterna, ten que ver con isto. Estamos na época da crise dos referentes simbólicos. Asistimos, así, a un efecto de retorno do goce non mediado pola función do Ideal. O referente é cada vez máis, unha vez eclipsada a función do Ideal, o goce propio. Pero é un goce que xa non divide nin culpabiliza ao suxeito e que se presenta baixo a forma do dereito ao goce e do presentismo do goce, non admitindo demora. Así calquera contratempo, ou o sacrificio e o sufrimento cotiáns, son moi mal tolerados, esta «baixa tole-

rancia á frustración» é considerada como un dos síntomas nucleares de moitos Trastornos de Personalidade.

Mentras tanto, xorde a pregunta pola posibilidade da «desaparición da infancia» como época evolutiva. Xa non se sosteñen máis as ideas, por moi inexactas que foran, sobre a pretendida «inocencia infantil». Os nenos e os xoves actuais teñen un acceso ilimitado, case en igualdade de condicións que o adulto a, practicamente, todos os circuitos de ocio e información, como os que representan a televisión ou internet.

Decididamente, e sen lastres nostáxicos xa que non hai máis tiempo que o que nos tocou vivir, estamos ante a infancia e a adolescencia posmodernas. Os fillos son xa un ben de luxo como sinala Coleman, son máis valorados e considerados na familia. A relación pais-fillos organízase en función do que se define como «as necesidades dos nenos». No entanto, os pais de hoxe en día teñen problemas para soste a función de autoridade. As referencias familiares e o lugar da autoridade son, cada vez, máis borrosas e isto ocorre en todos os ámbitos.

A autoridade está cuestionada e o cuestionamento da autoridade anuncia a caída dos mitos da modernidade. Os xoves perciben a ausencia irremediable dun futuro certo. Non hai garantías, nin unha orde máis alá da orde, puntual e inestable, que poidamos construír.

Unha das consecuencias do resquebramento da autoridade é a infantilización do adulto, o borrado das diferenzas entre o neno e o adulto. Pensemos no xeito de vestir, nas comidas, nos horarios, nos espectáculos, e percibiremos a confluencia do adulto co neno.

A infantilización do adulto trae aparellada a adultización do neno. Trátase dun retorno irónico ao lapso comprendido entre os séculos XIII e XV, onde o neno non era máis que un adulto en miniatura.

Certamente, os adultos temos decaído no exercicio do que Hegel denominou a «violencia pedagóxica» e, neste contexto, atopámonos, paradoxalmente, coa eclosión da violencia infantil e xuvenil.

Porque, se renunciamos ao exercicio da autoridade, que poñemos nese lugar? A autoridade non remite ao autoritarismo, remite á responsabilidade. No entanto, a tendencia que se observa é o total «laissez-faire» ou, do contrario, o autoritarismo.

A pregunta que debemos o facemos é a seguinte: desde que lugar recibe o adulto as demandas dos nenos, se non é desde un lugar de autoridade?

Fronte á omnipresencia do mundo infantil e xuvenil, os adultos en xeral e os pais en particular están menos presentes. Pódese dicir que, canto máis se intenta saber o que é un neno, menos se sabe o que é un pai. Isto supón que o

reverso do interese crecente polo neno e os seus dereitos é unha verdadeira «desprotección» da infancia e da xuventude. No momento en que eclosionan os dereitos do neno, este queda desdiebuxado como tal.

Os pais que, por medo a condicionar a seus fillos, dimiten do seu deber de autoridade e influencia, aqueles que non desexan algo para cada uno de seus fillos, algo particular, déixanos sen a posibilidade dunha orientación clara na vida.

Os dereitos do neno, en ocasións, poden levar á súa desprotección. Pero estamos na posmodernidade, que é época de dereitos. Dereitos do consumidor, dos usuarios de bicicleta, das baleas... Isto supón unha certa fragmentación do social. Os dereitos van por gremios (...)

(...) Basta encender o televisor, no que proliferan programas nos que as pseudo-opinións máis dispares desfilan aí como imaxes, sen producir ningunha conclusión nin anudar ningún sentido.

Dan a sensación de que todo é posible. Son parloteos que ensinan (no dobre sentido de escaparate e modelo) a maneira de falar da nosa época, na que calquera se autoriza a pontificar sobre calquera cousa. É o consumo do goce do bla-bla-bla no que pola súa falta de consecuencias, a linguaxe non compromete a nada.

Esta situación do todo vale, de que non hai un sentido mellor que outro, interfere en todas as profesións que operan por medio do peso da palabra.

Ante esta situación, trátase de promover novas estratexias e modalidades de relación cos nenos baseadas na responsabilidade. Esta responsabilidade non pode negar os cambios operados no social: se a un neno se lle prohibe usar o ordenador, e internet, estáselle condenando a unha posición marxinal. Estes cambios configuran unha nova categoría da infancia.

Os profesionais cometeríamos un erro se intentáramos a pervivencia dun modelo de infancia que só ten sentido para nós. En parte, é certo que os nenos non son o futuro, están xa no futuro, están xa na posmodernidade. Como di a canción: «El futuro llegó, hace rato».

Cando falamos de posmodernidade, e de familias posmodernas, referímonos a que a historia da familia tradicional xa está terminada. O que segue, é a historia do matrimonio. As relacións clásicas de parentesco están en declive e isto supón un declive da función mesma da filiación. O declive da filiación dá lugar a unha proliferación de sistemas, non de parentesco, senón de alianza.

A ruptura coa tradición, as esixencias do traballo e a preservación do nivel de vida, provoca unha caída do número de nacementos. Xunto con isto, os fillos de pais divorciados, antes eran unha minoría e actualmente xa non o son. En Estados Unidos circula un chiste: «Antes había 2'4 nenos por familia e agora hai 2'4 familias por neno».

As novas técnicas de reprodución fan posible modelos de familia antes inconcebibles. Sabemos que unha muller xa non necesita de un home para formar unha familia. Por outra parte, técnicas como a clonación se realizaran con seres humanos. A lóxica da ciencia leva a que, o que se pode facer, acábase facendo.

O recurso á ciencia para construír unha familia, hoxe minoritario, non o será tanto dentro dunha xeración.

Por outra parte, a vida alóngase. O que fai que a relación pai-fillo se alongue, tamén, no tempo. Isto fai difícil, ás veces, encontrar un adulto de verdade. O Ciclo Vital clásico desestructúrase.

Esta perspectiva da adolescencia alongada é chamativa non só en relación á imaxe (os adultos imitando a vestimenta xuvenil ou, sinxelamente, seguindo esa moda), senón tamén respecto á subxectivación. Todo isto entra no que é a definición e remodelación, actual, da función paterna.

O neno, o adolescente, o xove, caeron da súa inscrición nos discursos universais que ata agora, intentaban acubillalo. Pero daquela, desde onde sostelo?, desde onde darlle un lugar?

Só desde a particularidade, desde o contrato privado, desde a suma das particularidades.

Pero, pode construírse unha institución desde esta perspectiva? Que institución promover na época do individualismo moderno? Individualismo que fai problemático todo tipo de lazo social (incluído o matrimonio) e que fragmenta a institución educativa, que é unha institución sostida nos universais.

Os xoves preguntanse para qué serve estudar e moito máis os que fracasan. Pregúntanse para qué serve estudar historia antiga, por exemplo, cousa tan pouco práctica, a xuízo do Ministerio tamén, que recorta cada vez máis as materias de humanidades.

Este problema xa foi diagnosticado por Hannah Arendt en «A crise da educación», onde subliña a importancia de que a escola fora conservadora respecto do movemento xeral da sociedade. Refírese, por conservadora, a que conservara o discurso da educación, que fora a súa depositaria. Pero isto só é posible se os adultos foran, colectivamente, responsables do mundo no que están inmersos os nenos e non é o caso.

Os efectos producidos están máis alá da violencia que, efectivamente, aumenta na escola. Pero o novo non é a violencia, que sempre existiu, aínda que agora sexa máis frecuente e intensa, o novo é que se trata dunha violencia anti-institucional que recae e se exerce sobre os lugares de enunciación do discurso mesmo e de quen o encarnan. Isto constitúe o testemuño vivo da crise dos ideais e das propostas universais. Terreo aboado para o desenvolvemento dos Trastornos de Personalidade. Anteriormente, a violencia contra un ideal, e quen o

encarnaban, facíase en nome de outro ideal. Buscaba substituír un universal por outro. Actualmente, a contestación faise en nome do dereito ao goce. Incluso nas civilizacións nas que asistimos ao auxe do fundamentalismo, e onde parece reforzarse a idea de tradición e os valores relixiosos, pódese observar que en realidade non se trata dun auxe da función do Ideal que limita o pulsional. Ao contrario, ese pretendido Ideal non é outra cousa que un instrumento directo da pulsión. Así o odio visceral baseado en «a cousa» nacional, ou o fundamentalismo relixioso, pasa a ser un medio directo do goce mortífero: a pulsión de morte ao desnudo.

O noso chamado, occidente cultural está debilitado de referentes. Ata o punto que fixo pensar, ao meu xuízo moi lucidamente, ao noso máximo rexedor local que o máis parecido á situación actual é a crise civilizatoria que provocou a caída do Imperio Romano no século V da nosa era. Tamén daquela, os grandes Ideais do Imperio estaban en declive e o que primaba era a emerxencia do goce individual. O imperio non resistiu o empuxe decididamente pulsional dos chamados bárbaros. Desde a afirmación no goce, caídos os ideais, xa non hai resposta á pregunta de por qué aprender?

Aprender, para integrarse na sociedade e ser un home de proveito, xa non serve cando a comunidade está fragmentada. Esta fragmentación acada á comunidade escolar. Si, na primaria, a comunidade de nenos é, máis ou menos, respectada, a diferenciación é menos visible e a violencia, mínima, a partir da pasaxe a secundaria a caída da autoridade dos ensinantes é maior. É o momento en que aparecen, de forma visible, a diferenciación, o fracaso escolar e a clínica dos T.P. (...)

(...) A segregación é o gran problema actual, produto da homoxeneización da demanda e da oferta educativa. Isto confronta ao docente aos efectos de retorno dese «o mesmo para todos», en forma de síntomas individuais, segregación e violencia. Pero, agora, xa non funciona un discurso do que se poida botar man e que toque algo no xove aínda que, formalmente, o rexeite.

Podemos facer exposicións doídas por non ter nacido no lugar e no tempo adecuados, e non poder exercer aa profesión nunha época en que as familias eran familias e a maioría dos homes tiñan nobres ideais. Esta sería unha queixa impotente e estéril.

E, a nosa época, está caracterizada por un momento agudo de incertidume. Neses momentos, a interrogación convértese no método esencial. Non obstante, a disposición para asumir a ausencia de certezas ten un límite. Máis alá de certo punto, o desencanto deixa de ser unha benéfica perda de ilusións irrealizables que conducen, só, á frustración e se transforma nunha perigosa perda de sentido. Isto leva ao desánimo. En definitiva, que facerse preguntas está moi

ben e respondelas aínda está mellor. Do contrario, instálase a desmotivación ou o desexo de xubilarse.

Trátase de reinventar o vínculo educativo, na época onde os alicerces clásicos da práctica educativa foron tocados.

Se os criterios universais xa non son totalmente absolutos e operativos. E, sobre todo, son cambiantes. Que é o constante? O constante é o síntoma, a súa particularidade.

Na época de crise do Ideal, da crise dos valores universais e do Outro como Un, só queda como referencia, para orientarse, o máis particular de cada un. Iso é o síntoma que, máis alá da súa posible dimensión clínica, é o modo fundamental de estar na vida. É o que insiste en cada un e o fai único; de aí quizais a cada vez máis crecente dificultade para atopar criterios diagnósticos que «encaixen» claramente as múltiples e diferentes formas particulares e «anormais» de estar hoxe no mundo. Iso que chamamos Trastornos de Personalidade e que, en definitiva, non son máis que a expresión conductual dunha época histórica.


Citas bibliográficas

1. *Los Orígenes de la Posmodernidad*. Perry ANDERSON. Ed. Anagrama Barna 2000.
2. *Cioran y la Posmodernidad*. Alberto PINZON LEON. <http://www.antroposmoderno.com/textos/Cioran.shtml>
3. *La Posmodernidad*. A. BUELA. Razón Española. La Postmodernidad nº 82. <http://hispanavista.com/razonespañol/re82-bue.htm>
4. *Trastornos de Personalidad*. V. RUBIO LARROSA, A. PÉREZ URDANIZ. Ed. Elsevier Madrid 2003.
5. *Trastornos de la Personalidad: más allá del DSM IV*. Theodore MILLON. Ed. Masson. Barna 1999
6. «La adolescencia hoy: adultos prematuros, niños eternos». Manuel FERNÁNDEZ BLANCO. Cuadernos de Atención Primaria Vol. 11, nº 2, 2004
7. *El Siglo Postmoderno*. Octavi FULLAT. Ed. Crítica. Barna 2002.s
8. *Para acabar con la posmodernidad*. VVAA. Los Cuadernos del Norte. Año VIII nº 43 1987.
9. *Teoría de la Posmodernidad*. Fredric JAMESON Ed. Trotta. Barna 2001.
10. *Postmodernidad*. David LYON. Ed. Alianza (Sociología). Barna 2000.

Sobre sentimentos e ritos e o seu decaemento neste mundo posmoderno

Un comentario a «El enterrador»
de Thomas Lynch

(Madrid, Alfaguara, 2.004)



Gonzalo Martínez Sande

*Unidad Psiquiátrica de Interconsulta e
Enlace. Servicio de Saúde Mental. C. H. U.
J. Canalejo – Marítimo de Oza
A Coruña*

«As revisións e as prediccións parecen ser perdas de tempo. Aínda que me gustaría ter un asideiro no pasado e no futuro, o momento que vivo é o único que teño. Isto é o que me ensina o momento: as nubes flotan fronte á cara da lúa, as luces escintilan dentro das cabezas de cabaza talladas, as follas érguense ao azar co vento, os santos non teñen nome, o amor consola, a alma canta máis alá do alcance dos corpos.»

«Cregos, educadores e psicólogos – os novos cregos, congregáronse para dicir que, despois de todo, facer o que vimos facendo todo o tempo cumpría un propósito, era emocionalmente eficiente, psicoloxicamente correcto. O historial nesta materia á bastante bo. Vimos facendo –a especie, non os encargados das funerarias– máis ou menos o mesmo durante milenios: mirando cara arriba mentres cavamos cara abaixo, tratando de atoparlle sentido a todo isto, dispoñendo dos nosos mortos con suficiente calma como para dicir que viviron de maneiras diferentes ás rochas e os rododendros, incluso dos orangutáns, e que esas vidas merecían ser mencionadas e lembradas.»

Non son malas estas dúas citas para comezar. Son só para aludir á «música» de Thomas Lynch.

Non coñecía a este autor e o primeiro que me chamou a atención do libro foi a portada, na cal unha tarxeta asegura que este libro trata de «a vida vista desde o oficio fúnebre». Segundo algúns dos meus amigos, que este tipo de cousas atraía a miña atención pode deberse a que ultimamente estou feito un «alegrías», como demostran algúns dos meus «animados» temas de conversación, aínda que outra posible lectura é que sexa debido á nefanda influencia de «A dos metros bajo tierra». Sexa como for, cando abro o libro, desde a lapela saúdame un señor con lentes, rostro vivaz e un sorriso retranqueiro ao máis puro estilo Nicholson. Ao ollalo, unha das cousas que topei foi a súa reflexión sobre o carácter civilizatorio do inodoro e as súas consecuencias... e esa tarde practicamente lera a metade do libro.

Thomas Lynch, poeta americano descendente de irlandeses, é fillo dun director de funeraria, e traballou durante máis de vintecinco anos como director de funeraria en Milford (Michigan). O seu oficio púxoo en contacto cotián coa dor e a morte («Todos os anos enterro a uns douscentos veciños. Levo ao crematorio a outras dúas ou tres persoas.»), e coas ambivalencias e todos os outros tormentosos sentimentos que xeran.

O libro está estruturado en doce ensaios, na súa máis estricta significación orixinal, nos que, desde a experiencia e o recordo, móstranos o que sente, pensa e opina sobre a morte, a dor, o dó, o sexo, o amor, as separacións, as parellas e os poemas pegados nas portas dos frigoríficos, a crianza dos fillos, as lembranzas de seus pais e da súa infancia, a hipocondría e as variedades de cocinas que se poden atopar en Londres, o suicidio e o mundo «kevoorkiano» que estamos fabricando...

Con finísimo oído e unha precisión expresiva extraordinaria (de poeta) vai tirando de certos fíos soterrados, como as institucións e as súas funcións e cambios (tanto a familia, a comunidade, os bautizos e os enterros como os cambios dos seus significados e as nosas relacións con elas). É sobre iso sobre o que máis me interesa insistir, pois creo que este aspecto é o que fai obrigatoria a súa lectura. Para lectores de poesía inveterados só cabe engadir que como está formidablemente ben escrito soporta ben a lectura en voz alta (aínda que sospeito que tería agradecido unha tradución máis coidadosa).

En *Gladstone* fala do falecemento do pai e do que fixeron el e seus irmáns ao respecto para reflexionar sobre o significado (e os seus cambios) de morte, funerais, etc. Un aspecto ben destacado é o das fórmulas de consolo e as súas retóricas:

«Existe a teoría de “unha simple casca” para explicar como debemos relacionarnos cun corpo morto. Óese abondo entre os cregos novos, os vellos amigos da familia, os parentes políticos benintencionados e os que se perturban coa dor fresca dos outros. Óese cando unha nai e un pai chegan a ver por primeira vez o cadáver da súa filla morta nun accidente de automóbil ou podre á intemperie por algunha violencia masculina. Profírese como alivio a pesar de ser unha situación para a que non hai alivio, como consolo do inconsolable. Xusto entre a inhalación e a exhalación do salouco desgarrador que producen esas feridas, algún ignorante asustado e benintencionado forzosamente claudica cun “tranquilo, esa non é ela, é unha simple casca”. Unha vez vin a un diácono episcopaliano a piques de caer derrubado pola veloz bofetada da nai dunha adolescente que morreu de leucemia a quen lle ofreceu este consello. “Eu avísalle cando sexa unha simple casca –respondeulle a muller–, desde agora e ata que eu non lle diga o contrario é miña filla”. Estaba afirmando o vello dereito dos vivos de declarar mortos aos mortos. Así como declaramos que os vivos están vivos co bautizo, que os amantes están namorados coas nupcias, os funerais son a forma en que pechamos a fenda entre a morte que sucede e a morte que importa. É a maneira en que lles damos significado ás nosas pequenas historias memorables.»

Para reflexionar sobre o traballo de dó e aconsellar a uns cantos «científicos (e)videntes» sobre o que se debe facer e o que se debe evitar non está nada mal.

Crapper é quizais o meu favorito. Parte dunha conversa entre o autor e Don Paterson, en Galway «reflexionando sobre Thomas Crapper» cando regresaban dun espantoso e flatulentísimo curry, o cal explica que dous poetas internacionalmente descoñecidos falen sobre as implicacións do invento do inodoro e sobre o seu inventor. Con isto abordan os cambios culturais e os seus efectos en canto aos rituais, as persoas e as comunidades.

«Pero por cada luxo hai unha perda. Así como a instalación dun teléfono cando Nora tiña oitenta anos custoulle a emoción das cartas que chegaban polo camiño con John Willie McGrath, o carteiro, na súa bicicleta, a instalación dun televisor cando tiña oitenta e cinco significou que as súas amizades renunciaran a tecer relacións a favor das repeticións de Dallas, a introducción dos baños modernos arrebatoulle para sempre a Moveen a liberdade de camiñar no aire da noite ou na bruma do amencer cos intestinos ou a vexiga cheos e acometer contra a paisaxe de maneiras que só poden chamarse “cercanas á natureza».

Un bo resumo que che evita ter que ler a tanto antropólogo excedente e opiante acerca dos cambios nas comunidades. Non obstante el singulariza dun xeito preciso e afilado co papel particularmente relevante do inodoro nestes cambios, ou o que é o mesmo como metáfora do cambio social do século XX.

«O que sucede co novo inodoro é que elimina a evidencia con moita presión. O inodoro de cadea, máis que calquera outro invento, “civilizounos” dunha maneira que nin a relixión nin o dereito lograron xamais. Acabou o oficio matinal da bacinilla ou a latrina que permitía que a vista, os sons e os cheiros nos lembraran que a carne é corruptible. A partir do marabilloso invento de Crapper, só temos que tirar da panca detrás de nós e a evidencia desaparece; é unha especie de efusión que elimina a molestia. A dinámica é o que nos anos setenta o sociólogo Phillip Slater chamou “o suposto do inodoro” nin libro titulado *En busca da soidade*. Tiña razón: en perdendo a necesidade habitual de ocuparnos de cousas desagradables, perdemos a habilidade de facelo cando a necesidade aparece. E perdemos a comunidade versada nestas calamidade. En resumo, cando a vida é unha merda, sentímonos sós.

É igual cos nosos mortos. Avergónzannos da mesma maneira que nos avergonzamos dun inodoro que se atúe a noite en que temos compañía. É unha emerxencia. Chamamos ao fontaneiro».

En *Palabras hechas carne*, trátase do proceso de separación dun amigo seu, poeta, destacando, ao meu xuízo, a acertada e afilada descrición inicial das actividades tan tristes dos separados e das dificultades de rol dos varóns que atravesan esa condición na actualidade.

«O corazón partido é unha aflicción invisible. Non coxea, non hai cicatrices palpables. Ninguén expide etiquetas que garantices un bo lugar no estacionamento ou fácil acceso. O corazón está roto, é igual. A alma supura. Se non sanda a ferida, pode ser fatal.

Pero nun mundo que reparte o estatus de vítima como se fose a moeda do reino, os datos demográficos do meu amigo descalificábano para as formas institucionais de alivio. Mentres se considera que as mulleres en transo de divorcio están tomando o control das súas vidas ou abandonando relacións de maltrato, os homes divorciados son mercadoría estropeada, pais aproveitados. A do de corazón é o seu merecido.

A verdade sexa dita, a duras penas o meu amigo estaba só. Basta con observar con atención os restaurantes de comida rápida, os cines, os centros comerciais que sábados e domingos se enchen de pais en exercicio dos seus dereitos de visita pasando «tempo de calidade» con seus fillos. Os pais verdadeiros quedan as fins de semana na casa e dedícanse ao xardín ou ao golf, ou a ver películas vellas mentres o estudo ferve a lume lento. Pero os que non teñen a custodia de seus fillos viven unha vida diferente: desarraigados, fuxitivos, forzados a acomodar unha semana de afecto e disciplina e orientación no que o avogado perdedor sempre chama os seus “dereitos de visita amplos”. Deben afanarse para conseguir un remede de vida de fogar cos seus fillos. Taco Bell toma o lugar do pavo e o puré de patacas. O centro comercial reempraza ás rúas da cidade natal que sempre foron descritas como un

bo lugar para criar nenos. Os pais de toda a semana cómpranlles a seus fillos roupa interior ou lévanos ao ortodoncista. Os de fin de semana mercan xoguetes e falan de viaxes a Disney World nun futuro resplandecente. Moitos deixan de intentar; din que é moi difícil para os nenos, moi difícil para eles. Moi difícil».

Pero neste relato tamén se fala de poetas, editores (e poetas editores) e de cómo o costume de pegar poemas na porta dos frigoríficos está máis estendido do que parece e pode facer sorprendentes e cheos de conexións determinados encontros (isto é mellor que o leades no ensaio orixinal).

En *El golfatorim* cóntanos a súa idea orixinal de propoñer unha alternativa aos cemiterios na que se conxugan as funcións do camposanto e do campo de golf, coa que parece que non tivo demasiado éxito comercial. Pero tamén da outra volta de porca á función do consolo dos rituais e a importancia da fe (e dos sentimentos). Neste mesmo ensaio diserta sobre a morte de súa nai, enferma de cancro, e das dificultades que lles presentan os eufemismos médicos e, nun parágrafo que poderían perfectamente asinar Kleinman, Epson ou White, reflexiona sobre a «expropiación da experiencia» que ten lugar en certos discursos e prácticas médicas.

«En xuño o seu corpo estaba seco e morado polas radiacións, pero aínda non me pasaba pola cabeza que puidera estar morrendo. Incluso en agosto, coa voz cercana ao susurro e unha dor no ombro que non a abandonaba, aferreime ao léxico amable e emocionalmente neutro do oncólogo que mantiña a nosa atención no progreso da “irregularidade” (léase tumor) e non na muller que morría perante os nosos ollos, cuxa dor chamaban “incomodidade”, cuxo terror moral chamaban “ansiedade”, cuxo corpo non só deixou de ser o seu amigo senón que se converteu no seu inimigo».

Mary e Wilbur relata a mobilización cidadá para reconstruír a ponte a través da cal tradicionalmente accedían os enterros ao vello cemiterio. *Tío Eddie*, fala da empresa de seu tío, que se especializou no oficio funerario cos suicidas e da crise que produce a entrada en escena da «morte asistida» a través de Ke-vorkian (e as súas máquinas da morte). As reflexións respecto a este asunto son fascinantes e productivas. Pero, unha vez máis, un dos seus aspectos máis curiosos ten que ver co que se fala sobre os ritos e os seus significados:

«Así que existe unha diferenza, unha diferenza importante, entre cando morremos para os estetoscopios e os encefalogramas: morte somática; cando morremos para as nosas terminais nerviosas e moléculas: morte metabólica; e cando morremos para os que nos rodean —netos e acredores, irmáns e vecinos—, un final que poderíamos chamar a nosa morte social.


Do mesmo xeito, o nacemento tamén ten os seus graos: desde a concepción (metabólico), pasando pola viabilidade (somático) ata o nome, o bautizo ou a iniciación (social). A orde en que suceden estas mortes e estes nacementos é importante, e historicamente temos demostrado preferir a orde en os mencionei: primeiro a preparación e disposición para aceptar unha nova vida ou unha nova morte e as súas implicacións, seguido de horas, días, semanas ou anos, da posibilidade ou imposibilidade de producir o que chamamos «signos vitais». Non bautizamos nin poñemos nomes ata que non estamos razoablemente seguros de que o neno vai vivir e, na medida en que a tecnoloxía aumentou a viabilidade, poñemos nomes e bautizamos cada vez máis pronto. Asemade, non enterramos ata que non estamos razoablemente seguros de que a persoa está morta (o medo a ser enterrado vivo é moi antigo), e a maioría dos rituais inclúen un esforzo para «velar» ao suposto defunto, só para estar seguros.

Os funerais, en todas as culturas e ao longo da historia, buscan axudar aos doentes a aceptar Os Feitos, da mesma maneira que no bautizo ou nos seus equivalentes bucan facer o propio polos fecundos. E os rituais que rodean os nacementos e as mortes proporcionan un paradigma para asimilar dunha maneira segura e sá as implicacións de ter un corpo recién morto ou vivo sobre o tapete».

A modo de conclusión, especialmente dedicada a aqueles que cren que o noso (o de psicólogos) «imprime carácter» (e se poñen irremisiblemente pedantes, sen darse conta de que non é máis que un oficio no que un non pode aspirar a máis que a ser un bo artesán) e residentes ao comezo da súa viaxe profesional, unha recomendación que lle fixeron ao poeta autor deste libro:

«(...) Como dixó algunha vez un sacerdote a quen admiro hai moito tempo: “A profecía, como a poesía, é un traballo de medio tempo; o resto das horas só se trata de intentar non dicir tonterías”. Supoño que trataba de dicirme algo».

Entidades e identidades débiles



Celia Cameselle

Juan Manuel Daponte

Manuel Lopo

José Antonio Muñiz

Psicóloga/ os (a secas)

Gabinete de Psicología Karma. Vigo.

«A grandeza é unha experiencia transitoria. Nunca é consistente. Depende en parte da imaxinación humana creadora de mitos. A persoa que experimenta a grandeza debe percibir o mito que a circunda. Debe reflexionar que é proxectada sobre el. E debe mostrarse fortemente inclinada á ironía. Isto impedirálle crer na súa propia pretensión. A ironía permitiralle actuar independentemente dela mesma. Sen esa cualidade, incluso unha grandeza ocasional pode destruír a un home.»

De «Frases escollidas de Muad'Dib»
(Dune, de Frank Herbert)

Tomamos prestada esta cita de Herbert, e co seu permiso —é un dicir— cambiamos *grandeza por fortaleza*, para suxerir ao lector os aspectos que nos interesa destacar do tema que nos ocupa.:

a) Por un lado a carga social que leva asociado o termo *identidade*. Somentemente entendemos a formación e evolución da identidade a través de procesos de interacción social: somos *un* por contraste con *outro*, percibímonos como distintos pola existencia de outro. Máis aínda, somos *así* a través do reflexo que o outro nos devolve de nós mesmos. Quizais só sexamos o mito que nos cir-

cunda, e que crea o outro a través das relacións que mantén con un (aínda que non nos atrevemos a dicir que non somos máis que as relacións que mantemos).

b) Por outro lado, a «insoporable levedade» do adxectivo *débil*. A imaxe que tradicionalmente se asocia cunha personalidade forte, unha estrutura sólida (e ríxida) de valores, unha identidade «sen fendas»... nun mundo cambiante pode ter resultados catastróficos, a nivel adaptativo: é o tipo de grandeza que pode destruír a un home; antóllasenos que unha identidade supervivente ha de ter unha gran capacidade de cambio para adaptarse ás cambiantes esixencias dun mundo cambiante. E para iso fáisenos máis atractiva a imaxe de Zelig, aquel mimético antiheroe de Woody Allen ao que lle florecía a barba só con achegarse a un grupo de barbudos, a calquera gran lider mundial que esgrimindo ríxidos valores intachables arrasa nacións ou razas enteiras. Vemos máis fortaleza na débil avoa que consegue mobilizar a toda unha beirarrúa para cruzar a rúa que naquel outro que precisa reafirmar continuamente a súa identidade pisoteando aos demais.

Sexa o que for isto da identidade, seguro que lle vai moi ben aquilo de «bio-psico-social». Por sorte, esta vez non temos que entrar en demasiadas cuestións

Teóricas, e proveitarémolo para falar de nós mesmos e de algunhas persoas que (fugazmente) temos coñecido.

Nota sobre a identidade dos autores

Está ben, confesámolo, xa non podemos ocultalo por máis tempo: temos identidades débiles. Parafraseando a Groucho Marx, partindo da nada acadamos as máis altas cotas de miseria: cando se inaugurou o Gabinete de Psicoloxía Karma nos primeiros anos da década dos 80, a psicoloxía era unha profesión máis descoñecida que agora, e, no entanto, é agora cando están ocorrendo cousas que deixan a nosa identidade máis de capa caída que nunca.

Como psicólogos dunha entidade privada que sempre fixemos un pouco de todo, vemos desenvolvementos normativos que parcelan o noso quefacer, e preguntámonos que pasaría se (por imperativo legal) tivesemos que deixar de facer algunha das cousas que facemos. Aínda así, isto non nos axudaría a saber que estivemos facendo ata agora: por iso temos traballando a un grupo de reflexión que, de momento, levantou acta da súa creación, publicou un manifesto e dúas notas de prensa. Pero a nosa identidade treme, sen saber qué significa *psicólogo xeral no ámbito privado*.

Como adscritos á entidade da Terapia Familiar, vemos proliferar *guías de tratamentos de elección, eficaces e ben establecidos*... nas que non aparecen datos

que respalden a eficacia dos nosos métodos; isto fainos sospeitar que quizais outros datos coñecidos que si os avalan foran produto da nosa débil mente. Por iso temos traballando a un grupo de reflexión para comprobar se eses datos existen. Ata o momento dito grupo ten chegado a dúas conclusións: “É unha temeridade ler todo aquilo que conteña os termos *eficacia ou evidencia* e, dolorosamente, «os datos publicados teñen unha validez proporcional ao peso político-profesional do autor». Preguntámonos que pasaría se por lei se nos obrigase a practicar determinado tipo de métodos ou técnicas: a nosa identidade treme, e só pensa en rezar «que me toque un lexislador sistémico, que me toque un lexislador sistémico...».

Como profesionais que se entrevistan con outras persoas sobre algún sucedido ou por suceder da vida con intención de facer algo con iso, tamén a nosa identidade é débil: antes dicíamos que nas entrevistas o noso labor era axudar a resolver problemas (ou crear problemas resolubles); esta forma de enmarcar o noso traballo foi cambiando (ata varias veces ao día, en ocasións) e comezamos a usar outras: promover conversas para o cambio, explotar os recursos do propio cliente, cambiar as narracións saturadas de problema... acompañar, dirixir, supervisar... Agora cando nolo preguntan, sempre que podemos, preferimos non movernos na escaleira e deixalo nun «depende»¹. Tiñamos traballando a un grupo de reflexión, pero fóronse de vacacións e deixaron unha nota que dicía «intentaremos non volver». Ás veces preguntámonos que pasaría se intentásemos contestar seriamente esta pregunta: a nosa identidade treme, pensando que para contestar teríamos que escribir un libro ou publicar outro coa lista exhaustiva de todos aqueles libros (incluídos os de ciencia-ficción), colegas e autores dos que nos consideramos debedores.

Ata como formadores os nosos perfís de desdebuxan. O descenso da natalidade e outros factores que baleiraron a universidade, aboaron o campo para a expansión de estudos de terceiro grao que dotan ao formando dunha poderosa identidade acorde cos tempos (e que, con honrosas excepcións, á vez que os forman alónxanos das miserias da anomía reinante nas trincheiras da práctica). Tiñamos creado un grupo de reflexión para comparar formación universitaria e formación desde o ámbito privado... pero fóronsenos a un máster porque alí dánlles créditos. A nosa identidade treme, sabéndose sen máis privilexios que ofrecer o único que ten: mostrar o que fai.

E iso, xustamente, faremos agora: presentar unha mostra do que facemos.

¹ A nosa identidade galega tiña que saír por algures: depende de quen pregunte, depende de quen conteste, da ocasión, da conversa...

«Eu templando gaitas e ela aguantando mecha: reconciliándose coa vida»

«A conversa é un dos aspectos máis importantes da vida. Mantemos unha conversa constante cos outros e con nós mesmos. A través da conversa formamos e reformamos as nosas experiencias vitais; creamos e recreamos a nosa maneira de dar sentido e entender; construimos e reconstruimos as nosas realidades e a nós mesmos. Algunhas conversas aumentan as posibilidades, outras diminúenas. Cando as posibilidades aumentan, temos a sensación de que podemos encarar o que nos preocupa ou perturba –os nosos dilemas, problemas, dores e frustracións– e lograr o que queremos –as nosas esperanzas, intencións e accións»–.

(H. Anderson)

É desenvolver este último tipo de conversas o que pretendemos no noso traballo cotián en contextos terapéuticos, escolares, institucionais e formativos. Facémolo especificamente con menores institucionalizados, mulleres maltratadas, homes maltratadores, persoas afectadas gravemente en accidentes laborais; facémolo nos problemas habituais cos que a xente acode á nosa consulta privada ou aos departamentos de Orientación ou Psicoloxía de centros escolares, lugares nos que nos gusta contar con máis persoas da familia, á parte do «portador» do problema; traballamos polo tanto con seres humanos de distintas idades, aínda que só de forma esporádica e non específica facémolo tamén con persoas da «terceira idade».

Plantéxasenos traballar en «visita domiciliaria» cunha persoa da terceira idade afectada por unha enfermidade terminal. Tiñamos a oportunidade de traballar como non tiñamos feito antes.

Por cuestións de tempo foi Manuel Lopo o encargado² de atender esta demanda, e o traballo desenvolveuse sen equipo.

O primeiro contacto

Telefónanos G. para informarse de se poderíamos ter unha consulta con seu pai (M) de 80 anos, que neste momento está hospitalizado por un cancro de próstata; interésalle saber tamén cal é a nosa orientación terapéutica e dinos claramente que o seu obxectivo é buscar solucións para as tensións que hai en-

² Esta foi unha das experiencias máis enriquecedoras profesional e persoalmente que tiven no meu traballo. Cando aceptei levar o caso non era consciente desta posibilidade. Agora penso que fun o privilexiado que tivo a sorte de traballar con esta familia.

tre seus pais e para a baixa «autoestima» do pai. Contéstolle que era posible sempre e cando a xerarquía hospitalaria consentira iso. Ao cabo dun mes aproximadamente volve chamar para concretar unha visita no domicilio de seus pais, onde M. se atopa actualmente encamado. Concertamos a visita e informa que ela estará na casa para recibirme, pero ao día seguinte ten que viaxar.

1ª sesión (conversando con M.)

M. quere que o levanten e o senten nunha butaca que hai na habitación que teñen preparado para el, non está cómodo na cama articulada na que se atopa cando chego. «*Non sei por onde empezar*», coméntame despois duns minutos de conversa máis ou menos informal. Dígolle que comece por onde crea máis oportuno e pídlle permiso para interrompelo cando sinta curiosidade por algo que me teña dito. Cústalle traballo falar, dime que a medicación faino durmir máis do que quixera e quere aproveitar o tempo. Comeza por facerme un relato da súa vida (que vamos ordenando mentres falamos), misturado coas ideas que ten sobre si mesmo.

«Durante moito tempo un crese moi valente e non lle ten medo a nada, e agora de súpeto, un ten medo e dáse conta de que é un cobarde». Coñezo, dígolle, unha boa definición de valente: un cobarde ao que non lle quedou máis remedio. M. sorri.

«Teño un cancro de próstata dos peores e non conseguen quitarme as dores. Non estou moi contento, nin a gusto comigo mesmo. Cando casei tiña un bo traballo nunha boa empresa e cun bo soldo, pero o diñeiro aquí non chegaba. A familia da miña muller era moi particular e ofrecéronme dirixir o negocio familiar (había fillos en idade de facelo, pero querían que eu me fixera cargo). Era un sector do que non sabía nada e non me apetecía. Consegún independencia indo a traballar a Madrid, pero a miña familia quedou en Vigo (a miña muller, C., e os fillos que foron nacendo, 2 rapazas e un rapaz). Foi peor, viámonos moi pouco, non compartiamos afeccións (a C. encántalle as cartas, eu non xoguei nunca), o sexo non funcionaba entre nós, talvez pola miña culpa, non nos comunicabamos».

Pregúntolle cándo casaron e ao dicirme que a finais dos anos 50, dígolle que polo que sei do tema sexual era algo totalmente tabú na sociedade española desa época e que o que predominaba era a ignorancia. «*Intentei falalo con médicos pero creo que eran máis ignorantes ca min. Un xesuíta co que mantiven unha conversa de máis de tres horas díxome que eu tiña un aspecto duro e outro sensible e entre estes aspectos véñome debatendo toda a vida. A verdade é que todos eramos moi ignorantes naquel momento».*

«Posteriormente traladeime a Galicia, tamén por motivos de traballo, a unha vila (importante) do norte e empezan as viaxes de fin de semana a Vigo, pero a situación con C. non mellora. A familia da miña muller non podía separarse dela, queríana con eles e non conseguín levar a miña familia a vivir comigo. Ademais da xordeira conxénita na familia da miña muller fixoa aillarse nas súas cousas cada vez máis e máis. Cando me retirei tiña a esperanza de que todo mellorase, pero foi ao contraria, non sabíamos convivir, non nos coñecemos. Non era capaz de chegar a ela».

«Nunha ocasión invitei a xantar a casa a unha señora á que me une certa amizade e que se atopaba moi triste polos problemas que tiña. Pensei que isto podía axudala e axudarnos tamén a nosoutros. A C. non lle gustou nada, e cunha violencia estremada comezou a dicir que era a miña amante e que ela xa sabía que eu tivera outras amantes. Non conseguín convencela do contrario. Síntome un fracasado, non conseguín entenderme coa miña parella, non conseguín que a miña familia vivise comigo, a miña profesión non me daba o prestixio social que a miña muller esperaba. Non me sinto satisfeito coa miña forma de ser».

En ocasións vou interrompendo o seu relato para que me axude a completalo, noutras pedíndolle desculpas por discrepar nalguns detalles³ coa intención de introducir pequenas transformacións (Sluzki, 1993) que posibiliten un novo relato de responsabilidades compartidas que eximan a M. da responsabilidade total da situación; isto favorecería a diminución do sentimento de culpa que tinxe a súa historia.

Do mesmo xeito que anteriormente se fixo co tema sexual, e coa intención antes sinalda, pregúntolle pola relación cos seus fillos; un gran sorriso aparece na súa cara e díme: *«Teño unha moi boa relación cos tres, preocupápanse moito por min, é por esa preocupación polo que estamos falando agora».* Coméntolle que algunhas cousas tivo que facer ben para que a relación cos seus fillos sexa así, a pesar de que pasaran case toda a vida separados; e sorrindo de novo díme: *«Fun unha boa ponte xenética⁴, ningún dos tres herdou a xordeira conxénita da familia materna e no carácter parécense máis a min».*

³ Si só validáramos os relatos dos nosos clientes non habería posibilidades de transformación deses relatos; temos que ir facendo pequenas modificacións neles para que poidan ser aceptados, de forma que se abran novas posibilidades.

⁴ Esta suxestiva metáfora utilizada por M. daría por sí soa para unha boa conversa. A xenética, no entanto, non contribúe a que se atribúa mérito persoal ningún sobre as boas relacións cos seus fillos. Noutra ocasión con máis tempo por diante quizais houbésemos tratado de transformar a historia para que o mérito (se deixamos á parte a «xordeira») non fose dos xenes.

Durante a conversa, a enfermeira que colabora nos seus coidados pídeme permiso para poñerlle un goteiro de calcio que o axudará coas dores, mentres o fai non para de loubar a M. comentándome o bo enfermo que é, o sentido do humor que ten e como, estea como estea, sempre ten unha palabra agradable para todo o mundo.

Aproveito este comentario e cando a enfermira sae da habitación preguntolle:

«Que pasaría se fixéramos unha enquisa entre os seus achegados sobre que tipo de persoa é? Todas as opinións serían como as de seus fillos e a enfermeira? Non será, M., que o que quere dicir cando di que non está satisfeito coa súa forma de ser é que non está satisfeito coa vida que lle tocou vivir? Realmente, dígolle, isto último parece máis coherente que o que me estivo contando». Despois duns momentos de reflexión dime que lle parece interesante esta nova forma de velo.

Levamos xa hora e media de conversa e nótoo cada vez máis canso. Para rematar preguntolle se falou algunha vez con C. da forma na que o fixemos e dime que só superficialmente.

Que cre que lle parecería a C. que teñamos os tres unha conversa? Dime que non puxo dificultades a que mantivésemos esta entrevista que lle ha preguntar. Concretamos unha nova cita e ao despedirme pídolle tamén a G. que fale con súa nai no mesmo sentido. Despedímonos, xa que se ausenta do país, e quedamos en comunicarnos a través do e-mail. Antes de manter a segunda entrevista con M. chamoume G. para informarme de que falara coa nai e que estaba de acordo en falar comigo e co seu marido. Cre que imos poder falar, pero a idea que ten súa nai con respecto á señora amiga de M. é algo que non imos poder nin tocar, xa o teñen intestado todo e é imposible. Dáme o teléfono dun irmán que vive en Vigo por se fixera falta conectar con el.

2ª sesión (conversando con M.)

Recíbeme C. dunha maneira que non deixa lugar a dúbidas⁵, non ten o máis mínimo interese en que manteñamos esa conversa a tres que eu propuxera, nin sequera me dá pé a que llo propoña. Nin menciono o asunto.

Pásame á habitación de M., que esta vez xa non se levanta da cama. Comeza contándome máis detalles da súa amizade coa señora que provoca a ira

⁵ As preguntas reflexivas son un elemento técnico habitual no noso traballo. Unha completa exposición sobre o tema pode atoparse en Tomm (1988).

⁶ Una vez más se manifiesta la importancia de estar atento a los aspectos no verbales de la comunicación.

de C. Fálame do carácter forte desta e de cómo foi imposible convencela de que non foran amantes, que nunca tivera amantes, aínda que ocasións non lle faltaron ao longo da súa vida. *«Teño medo porque estou mal, pero tamén temo por C., pola súa soidade cando eu non estea. É unha persoa moi formalista»*. Dígolle que non é o meu costume ir de garavata, que ao mellor se vestira doutro xeito a ela gustaríalle máis. M, asente. *«Teño medo de que lle solte un exabrupto»*. Dígolle que non se preocupe por iso, que forma parte do meu traballo e xa verei cómo fago, que falei por teléfono con súa filla e informoume que C. propuxera facerse cargo dos coidados a M. pola mañá; preguntolle se isto implica un cambio e dime: *«Non confío niso. Non me basta coa súa presenza, necesito ter a sensación de cariño, de amabilidade. Desde aquela C. é moi brusca comigo e nada que eu faga serve para que cambie a súa actitude. Pasei toda a vida evitando enfrontamentos con ela, quizais ese foi outro erro»*. Toda a vida templando gaitas, dígolle, e contesta:

«Eu templando gaitas e ela aguantado mecha»⁷. Falamos da frialdade coa que me recibiu e do difícil que viamos que accedese a manter unha conversa. Dígolle que podería haber outras posibilidades e preguntolle:

«Que cre que pasaría se lle pedira desculpas a C. por non ter conseguido que vivisen xuntos, na mesma cidade, durante tantos anos?»

«Podo pensalo, pero de momento non creo que poida facelo». Quedamos en pensar os dous noutras posibilidades, pero M. quíxase da medicación que lle están dando porque non o deixa pensar como el quixera. Comunícolle a miña intención de falar con ela mentras me acompañe á porta e dígolle a M. que se ata a próxima entrevista se lle ocorre algo que poida dicirlle a C. que cambie a súa actitude con el, non dubide en facelo ou dicilo. Despedímonos.

Cando intento falar con C., a súa disposición a que o fagamos é nula, non é o importante o que me di, senón a actitude distante e defensiva con que mo di: *«Imposible, non ve que estou moi ocupada?»*, mentres sinala ás súas amigas que agardan para rematar a partida de cartas. Dígolle que, por suposto, non nese momento, pero creo o meu deber dicirlle que considero interesante que o fagamos nalgún momento.

⁷ Outra posible liña de traballo la aberta por esta metáfora que se planteó en la conversación.

3ª Sesión (conversando con C., conversando con M.)

C. recíbeme en actitude ben diferente á vez anterior, felicítola pola súa onomástica (é ese día) e agrádalle; intercambiamos algunhas palabras. Parece disposta a que falemos. Por primeira vez entra na habitación de C. na miña presenza. Pregúntolles se se prefiren que falemos os tres ou que fala con C. e despois xa veremos. De común acordo (M. propono e C. acepta gustosa) deciden que fagamos o segundo. De camiño á sala na que imos conversar, C. dime que ela non cre nos psicólogos e que isto non vai funcionar: *«teño unha idea que non me vai cambiar»*; dígolle que me parece moi ben que defenda as súas ideas e que non pretendo que cambie nada, eu atópome alí porque mo pediron o seu marido e filla e só pretendo falar de cómo se sente M. e como se sente ela. *«Son unha persoa de profundas crenzas relixiosas»*, e para reforzar a idea sinálame un pequeno altar cunha virxe nunha esquina da sala pola que pasamos camiño do noso lugar de reunión. Constéstolle falándolle da miña educación cristiá nun colexio relixioso da cidade.

«El fixome algo que non lle vou perdoar, é imperdoable facerme algo así, non tería que facelo. Sabe de que lle falo? Contoulle o meu marido o que me fixo?» Algo sei sobre iso, M. algo me contou sobre unha señora amiga súa que vostede non lle agrada.

«Coñeceuna porque facían unha actividade xuntos, deulle as chaves desta casa e da casa da praia. Ela entrou co seu marido e roubáronme xoias e cartos. É imperdoable, non tiña que darllas». Valido o seu relato (supoño que ata o de agora o que fixo toda a familia, incluído M., é dicirlle que iso non é verdade, con distintas variantes) preguntando: *Cambiaría a pechadura?* Mentres miro á porta de entrada que está á vista desde o lugar no que estou sentado. Contesta que si nun primeiro momento, pero ao longo da conversa resulta que non a cambiou, di ter a intención de facelo. Pregúntolle se non lle parecería conveniente tamén cambiar a pechadura da casa da praia, e móstrase de acordo comigo. A relación entre nosoutros é máis cordial e ela atópase a gusto para seguir conversando.

Dáse de conta, comento, de que se eu fose o seu confesor tería que negarlle a absolución pola afirmación de non perdoar a M.? Tarda en reaccionar e faino modificando un pouco o seu relato: *«É imperdoable, non tiña que facelo, é algo tan grave que só podo entendelo se lle fixeron ou deron algo, tiveron que lavarlle o cerebro»*.

Pero iso que me está contando quitaríalle a M., polo menos, parte da responsabilidade do ocorrido, plantéxolle.

«El é boa persoa, foi un bo pai e un bo marido, pero isto non tiña que facelo, eu non desconfío que el tivera unha relación amorosa con esa señora, pero déulle as chaves da miña casa. Incluso algunha vez o teño visto como ela o o marido se rían de min ao pasar por diante da miña casa ou cando eu estaba de compras, dígame: que facían eles alá? Estou moi doída por iso. Son malas persoas».

Valido a dor que hai no seu corazón e o dano espiritual que recibiu e pregunto: *«que pasaría se M. lle pedise desculpas de corazón, con sentimento?»* Non contesta. Dígolle que me estou acordando de un vello profesor⁸ que sempre preguntaba o mesmo cando traballaba con parellas:

«Como é que entre todas as persoas do mundo acabaron vostedes sendo parella? Sería interesante conversar un intre sobre cantas desas cousas que os uniron están aínda presentes». Agradéxolle o seu tempo e que fora tan amable de convesar un pouco comigo e pídlle permiso para dedicarlle un pouco de tempo a M.

«Que fixo ao longo destes días para que a actitude de C. cambiara de forma tan radical», preguntolle a M. ao entrar no seu cuarto.

«Díxenlle que necesitaba axuda e pareceu entendelo, non falamos moito, pero é algo».

Fágolle un pequeno resumo do falado con ela. Tratando de abrir posibilidades (na mesma liña que en sesións anteriores) propóñolle que quizais debería pedir desculpas por algo que nunca fixo, ou talvez volver facer aquelas cousas grazas ás cales conseguiu enamoralas cando eran máis novos. *Hai algunha cousa que a ela lle gustaría que vostede fixera e non fixo nunca?*

«Sempre quixo que eu pintara, pero agora non teño pulso. Tamén tivo a ilusión de facer un cruceiro, pero iso xa non imos poder facelo». Contéstame apesurado que as cousas que a ela lle gustaba que fixera, a el nunca o atraeron demasiado.

Gustaríalle a C. que vostede xogara ás cartas? Podería pedirlle que o ensinara? Rezaron xuntos algunha vez?

Ela é católica fervente e algunha vez temos rezado xuntos, pero hai xa moito tempo.

Non me via dicir, M., que ela é fervente católica e vostede ateo igualmente fervente.

Tanto como iso non, pero téñome por agnóstico convencido.

M., continuo, de agnóstico a agnóstico: se hai que rezar, rézase.

«París ben vale unha misa, pero só estamos abrindo posibilidades, verdade?» contesta.

⁸ En realidade era unha das preguntas que se facía con fins investigadores nos primeiros tempos do Grupo de Palo Alto.

«Efectivamente, M., é o que estamos facendo, quizais agora lle toque a vostede pensar sobre iso, coñécea vostede moitísimo mellor ca min, e ten que haber moitas máis cousas que a ela lle sirvan de sinal de que ela tamén pode cambiar ao ver que vostede o fai».

«Cústame moito pensar, é a medicación para a dor, conseguiron que non me moleste, pero adorméceme moito e custa moito pensar».

Falamos da posibilidade que el contempla de que lle reduzan a medicación e de alternativas para a redución da dor. Interésase polo asunto e falamos de hipnose⁹ como unha posible alternativa, sempre o atraeu o tema, pero non tivo oportunidade. Falamos sobre a hipnose, sobre as súas ideas ao respecto e sobre a miña experiencia nela e quedamos de facer algo máis adiante para intentar reducir a dor e que a súa mente estea máis clara para poder pensar.

Propóñoille que siga na mesma liña que esta semana na súa relación con C., e insisto en que na medida que poida vaia pensando en cousas que a ela lle agradaría que el fixese e a el non lle importaría facer. Despedímonos ata a próxima cita, dime bromeando que como dure moito vai arruinar a toda a familia, coméntolle que xa os vexo a todos pedindo na rúa, M. sorrí.

Manteño correspondencia vía correo electrónico con G. na que lle fago un breve comentario sobre o transcurso dos acontecementos e ela contéstame que cre que seu pai está deixándose levar pola evolución da enfermidade, di que vai moi a présa e que nota unha barreira invisible entre eles cando ela lle transmite que ten que loitar contra a enfermidade para saír adiante. Non sabe (nin seus irmáns tampouco) se teñen que seguir animándoo nese sentido ou aceptar a decisión que parece que tomou.

4ª Sesión (conversando con M.)

Cando chego a enfermeira infórmame de que está durmindo; ofrézome a volver dentro de dous días, pois teño esa posibilidade. Dime que deixou recado de que o espertaran se eu viña. Espértao e falamos durante 20 minutos (as veces anteriores sempre o faciamos entre hora e hora e media), as dificultades para facerse entender e entendela aumentaron. O esforzo que fai é importante.

«Falamos tranquilamente estes días, non falamos nada da señora coa que empezou o problema, non había esa violencia da que antes comentamos».

⁹ Unha interesante forma de traballar que estamos aprendendo e tratando de incorporar ao noso traballo algúns membros do equipo.

Cóntolle que recibín correo electrónico da súa filla.
«*Vaino inundar*», dime cun sorriso de orella a orella.
Dígolle que o noto moi canso, que descanse, e ofrézolle vir nun par de días.
«*Ese é o meu problema, non teño tempo, chame por teléfono antes de vir, naon vaia vir ata aquí e non poidamos falar*».
Dígolle que non se preocupe por min e que descanse: « *siga actuando con C. como ultimamente, é posible que as cousas sigan cambiando*».

Ao saír a enfermeira díxome que ultimamente xa estaba así case continuamente, que posiblemente a situación fose xa irreversible. Escríbolle a G. comentándolle como vexo a seu pai e como creo que as cousas cambiaron. Ao meu modo de ver está máis en paz consigo mesmo.

Cando chamo, C. dime que a situación permanece igual, M. apenas fala e non paga a pena que me achegue. Aos poucos días atopo no contestador do despacho unha mensaxe na que G. me informa da morte de M. e de cómo antes da súa morte conseguíu que súa nai seguira falando con el aínda que seu pais xa non falaba. Nun correo electrónico posterior quedamos en intercambiar pareceres cando volvese a España nos próximos mesess. Comunícolle que vou presentar este traballo nun congreso¹⁰ (xa o comentara e contaba co beneplácito de M.) e que poderíamos comentalo. Contéstame dicindo: «*A meu pai gustáballe tanto axudar que esta será outra forma máis na que el pode axudar a outros a través de ti... en fin, estou moi agradecida por todo o que fixeches pola miña familia. Irse deste mundo en paz é o mellor regalo que lles podemos facer aos nosos seres queridos*».

Reflexións sobre a práctica

«A morte dun paciente supón unha das situacións máis difíciles que debe afrontar un médico¹¹. Ao mesmo tempo, a negociación desta etapa pode ser tamén unha das experiencias máis enriquecedoras da práctica médica¹², pois a intensidade emocional deste proceso conmove de forma tan profunda ao paciente, á familia e aos cuidadores que ten efectos terapéuticos sobre todos os que participan. A certeza dunha morte inminente pode facilitar a resolución de conflitos persoais ou inter-

¹⁰ Este traballo foi presentado na súa forma orixinal nun Obradoiro do Congreso da Asociación Galega de Xeriatría e Xerontoloxía, Pontedeume 2002.

¹¹ Creo que se cambiáramos a palabra «médico» en todo o parágrafo por profesionais da saúde, estaríamos incluídos un maior número de profesionais que nos encontraremos cada vez máis con estes procesos no noso traballo.

¹² Véxase a nota anterior.

persoais ancorados en etapas anteriores do ciclo vital. Por suposto, esa mesma intensidade emocional pode resultar traumática ou xerar unha disfunción de longa duración naquelas familias incapaces de elaborar as dificultades que se derivan da perda de un dos seus membros».

(S. McDaniel, T.L. Campbell y D. Seaburn, 1998)

A máis importante, quizais a única diferenza, coa que me topei traballando nesta ocasión é que o obxectivo proposto, en termos xerais, era o de prepararse para a morte. Normalmente, no noso traballo cotián, o obxectivo, tamén en termos xerais, é que a vida dos nosos clientes sexa máis vivible: saír dunha tremenda apatía, non ter eses malditos ataques de pánico, recuperar (comezar) unha sexualidade satisfactoria coa miña parella, controlar a conducta do noso fillo adolescente, conseguir saír da casa, tirar de enriba os abusos sufridos. Todo en busca dunha vida máis vivible. Nesta ocasión, o importante era reconciliarse coa vida para chegar ao momento da morte coa sensación de deixar as cousas en orde, coa satisfacción de ter feito as cousas (polo menos) medianamente ben.

Cando nos preguntan como traballamos, gústanos contar que sempre que podemos facémolo orientados ao futuro, nesta ocasión acabou sendo un futuro tan cercano como dificilmente útil á hora de traballar.

A clave quizais estivo no suposto de partida que a primeira conversa con M. nos levou a utilizar: «o como as persoas contan o problema, é o problema». E pensamos que esa foi a mellor contribución que puidemos facerlle a M. , axudarlle a contar a súa historia dunha maneira menos culpabilizadora consigo mesmo.

O traballo con C. tivo máis que ver con manobras estratéxicas¹³ pero coa mesma intención que con M.: facilitar un cambio no relato que o fixera menos restrictivo. Pensamos que o facilitar esta variación no relato puido axudala a ela a despedirse do seu marido dun xeito máis adecuado a como se podería derivar da situación na que estaba¹⁴.

A través da correspondencia con G. intentamos intervir con ela e seus irmáns tratando de compaxinar as necesidades de M. coas deles. Temos constancia, como xa sinalamos anteriormente, de que tamén eles recibiron as nosas intervencións como unha axuda. Cando G. tivo a oportunidade de ler este traballo, fíxome saber que a fixera reflexionar e descubrir un bloqueo que tiña

¹³ Unha boa exposición destes procedementos pódese atopar en J. Haley (1966).

¹⁴ Moitos/ as coñecedores dos modelos da Terapia Familiar estarán pensando como se poden misturar manobras estratéxicas e narrativas que «como ben é sabido, están pelexadas e son incompatibles», quizais tamén sexa este un dato sobre a nosa débil identidade.

desde o facelecemento de M. Sinaloume a súa intención de vir a España porque «necesito completar algo con miña nai e meus irmáns», e relatoume a reacción de M. ante unha historia que ela lle contara telefonicamente aqueles días:

«Un día Deus dille a un home: “quero que emprurres esa pedra inmensa que hai no teu xardín”. O home accedeu sen chistar. Pasaron os días, as semanas e os meses e o home seguía emprurrando a pedra, que non se movía nin sequera unha milésima. Pasou o tempo e o home desesperado por non ter feito ningún progreso, abandona a misión que Deus lle encomendou. Neste momento Deus aparécelle de novo e dille: ‘non che dixen que moveras a pedra, simplemente que a empurraras. ¡Mira como a través do esforzo que fixeches transformácheste! Observa os novos brazos robustos e poderosos que tes, as túas pernas potentes e fortes, a paciencia que desenvolviches...»

«Ao oír isto meu pai identificouse completamente coa historia e exclamou: ¡Esa pedra é túa nai! Grazas a esa pedra e á lealdade que meu pai tiña á miña nai e a quen era, fixeron del unha persoa moi especial.»

Nota final

Por certo, o proceso que acabamos de expoñer é atípico en varios sentidos. Un deles é a ruptura desa manía, esa tendencia enfermiza a traballar en equipo, que non se explica máis que como inseguridade profesional. A nosa debilidade non alcanza a comprender como catro persoas poden manter sonoras diferencias en certos aspectos e visións e, no entanto, colaborar sen problemas no traballo diaria (do tipo que sexa). Aínda que en determinadas circunstancias traballamos individualmente, sempre que podemos facémolo en equipo. Nunca nos preguntamos que pasaría se cambiásemos esta filosofía. Tampouco creamos un grupo de reflexión ao respecto, por se acaso: no vaian a descubrir algo.

Posiblemente nos aburrísemos, ante o cal a nosa identidade treme de novo e, mentras tanto, imos entrando en calor... Así sobrevivimos: como o xunco ante a tormenta (alguén lembra qué lle pasa ao carballo na historia? Meu deus, ata a nosa memoria se torna débil...), inclinámonos ante as adversidades, dámosllela benvida e esperamos que nos fortalezan.

Non é casualidade que neste escrito non apareza o termo CÍNICO: palabra que o intentamos, pero o L cae unha e outra vez (o cal é evidente na liña anterior). Preferimos utilizar eufemismos e circunloquios máis acordes coa nosa falta de identidade ao respecto.

Bibliografía


- ANDERSON, H.: *Convesacion, lenguaje y posibilidades: un enfoque posmoderno de la terapia*. Amorrortu 1997.
- HALEY, J.: *Estrategias en psicoterapia*. Toray 1966.
- MCDANIEL, S.; CAMPBELL, T. L. y SEABURN, D.: *Orientación familiar en atención primaria*. Springer 1998.
- SLUZKI, C.: «Transformaciones: una propuesta para cambios narrativos en psicoterapia», *Revista de Psicoterapia* Vol.6 nº 22/23 1993.
- TOMM, K.: *La entrevista como intervención*. Terapia Familiar Lecturas 1 Publicaciones Universidad de Salamanca 1988.



*¿Para qué escribir si no se da a esta operación,
demasiado fácil, de empujar una pluma sobre un
papel cierto riesgo tauromáquico y no nos acercamos
a asuntos peligrosos, ágiles, bicornes?*

Ortega y Gasset


PSICOLOGÍA **CLÍNICA**



ANUARIO

PSICOLOGÍA CLÍNICA Y POSTMODERNIDAD

- 93 **Psicología en la encrucijada postmoderna:**
Nuevos debates, nuevas ideas, nuevas prácticas
desde una perspectiva constructorista
Lupicinio Iñiguez-Rueda
- 100 **El grado co- de la psicoterapia:**
Una aproximación crítica
Santiago Lamas Crego
Algunas objeciones. J. Javier González Hermida
- 115 **Trastornos de posmodernidad**
Luis Ferrer i Balsebre
- 115 **Sobre sentimientos y ritos y su decaimiento
en este mundo postmoderno. Un comentario
a «El enterrador» de Thomas Lynch**
Gonzalo Martínez Sande
- 127 **Entidades e identidades débiles**
Gabinete de Psicología Karma. Vigo



Presentación

Con el fin del milenio y el comienzo del nuevo siglo toca hacer balance de lo realizado hasta ahora en las ciencias, las artes, la cultura en general. Nos ha tocado vivir la época del postmodernismo, sin que muchos de nosotros tengamos claro a qué exactamente nos estamos refiriendo. Para empezar, podremos estar de acuerdo en que si existe un después debió existir un antes. El modernismo implicó una concepción nueva del mundo y comenzó hacia el principio del siglo XV consolidándose con La Ilustración en una nueva ciencia, arte, cultura, normas y valores. Fue época de empirismo, positivismo, realismo y democracia, lo que ha, sin duda, contaminado en mayor o menor grado a todo el devenir de la Humanidad.

A finales del siglo XIX aparecieron las primeras formas de psicoterapia que basadas en este nuevo clima tecnológico aparcaron antiguas formas de enfrentarse a la enfermedad mental. Era tiempo de ciencia, no de magia, superstición o exorcismos. Se descubren y desarrollan igualmente los primeros psicofármacos y el cerebro comienza a primar sobre la mente.

El postmodernismo supone, bien una ruptura, bien un paso adelante sobre estas concepciones. Es un concepto vago pero que parece hacer referencia a las características de una sociedad sin valores seguros ni referencias firmes. Se cuestiona lo establecido, se critica la autoridad, se le resta valor a la experiencia y se niega el dogma. Quizá por ello el nuevo Papa Benedicto XVI denuncia “el relativismo” de una sociedad que parece haber perdido el rumbo... aunque es posible que sólo se trate de uno más de los avances en espiral que toda sociedad confronta, con su bamboleo pendular asociado.

Este nuevo número del Anuario de Psicología Clínica del Colegio Oficial de Psicólogos de Galicia trata de abordar las consecuencias que el postmodernismo ha tenido en la teoría y praxis de la psicología y la psicoterapia.

Para empezar, Lupicinio Iñiguez-Rueda nos plantea este tema desde la perspectiva Construccionalista, haciendo un extenso repaso de autores y obras claves en el desarrollo de esta escuela. Como era esperable, conceptos tales como antiesencialismo, relativismo y antirealismo, cuestionamiento de las verdades generalmente aceptadas, lenguaje y construcción social dan forma a este artículo que sin duda servirá para centrar la cuestión.

Continúa Santiago Lamas, habitual colaborador de nuestro Anuario. Con la agudeza que le caracteriza, nunca exenta del humor que desnuda lo artificial (excelente su anécdota sobre la de-construcción del oso polar enfurecido) hace un

repasso sobre los puntos más objetables del Construccionismo centrándose en el uso del lenguaje, como eje central de la psicoterapia postmoderna. No tiene reparo en confesarse, junto con otros autores, irritado, perplejo y desorientado por esta concepción de la realidad que nos sugiere un subjetivismo radical.

Luis Ferrer i Balsebre nos propone, tras un repaso histórico del concepto postmodernidad y sus antecedentes más próximos, un tema de especial relevancia para nuestra práctica clínica, Trastornos de la Postmodernidad, centrándose en esta alteración, cada vez más frecuentemente diagnosticada. Su tesis, avalada por una realidad que padres y profesores denuncian a diario, parte de una crianza infantil que ha pasado del autoritarismo al “laissez faire”... olvidándose de la autoridad, legítima y necesaria, por el camino. El niño es deseo, urgente e inmediato. Las normas de socialización, la frustración, la demora de lo deseado, debían servir para contener y reorientar este impulso. La falta de autoridad convierte a los jóvenes en sujetos de todos los derechos y ninguna de las obligaciones... y quizá estemos mirando al lado equivocado pues «cuanto más se intenta saber lo que es un niño, menos se sabe lo que es un padre».


Gonzalo Martínez Sande efectúa un interesante comentario sobre un no menos interesante libro: «El Enterrador» de Thomas Lynch. Son doce ensayos que nos muestran cómo este autor reflexiona sobre el amor, el dolor, el duelo, el sexo, las separaciones... La pertinente presencia de este libro en el Anuario puede justificarse por el cambio sufrido por la sociedad en los ritos de paso (duelo, matrimonio...) y que sin duda configuran un aspecto de eso que hemos dado en llamar postmodernidad.

Por último, un caso clínico. O mejor aún, una reflexión sobre un caso a cargo de nuestros colegas del Gabinete de Psicología Karma de Vigo, sin duda alguna «entidades postmodernas». Tras un comienzo donde establecen los supuestos desde los que ejercen su labor terapéutica, dan paso a la descripción de la relación que uno de los autores establece con un paciente, afecto de una enfermedad terminal, y donde el nivel de diálogo alcanzado con él acaba siendo enriquecedor para ambos.

Así pues, disfruten de la lectura de estos trabajos y que la posible irritación y desconcierto que les cause se torne en una experiencia igualmente provechosa.

Psicología en la encrucijada postmoderna:

Nuevos debates, nuevas ideas, nuevas prácticas desde una perspectiva construccionista



Lupicinio Iñiguez-Rueda

Doctor en Psicología por la UAB (1986). Catedrático de Psicología Social en el Departament de Psicologia social de la UAB. Coordinador del Programa de Doctorat en Psicologia Social (UAB). Ha publicado «Critical Social Psychology» (con Tomás Ibáñez, London: SAGE, 1997) y «Análisis del Discurso» (Barcelona: EDIUOC, 2003)

